

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

Ano XXX — Núm. 454

BOS AIRES, DECEMBRO 1946

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 231.437

PRINCIPIOS DO

GALEGUISMO

- 1-Galicia, unidade cul-
tural.
- 2-Galicia, pobo autónomo
- 3-Galicia, co munitidade
cooperativa.
- 4-Galicia, célula de uni-
versalidades.

Franco Emprazado pol-a U. N.

PATENTE REPUDIO DO REXIME FALANXISTA

A Asamblea das Nacións Uni-
das non pudo deixar de lado a
cuestión hespañola e non tivo
máis remedio que pronunciarse
en col dela.

Certo que non chegou á con-
clusión que a máis elemental
xustiza daba dereito a esperar;
pero tampouco defraudou por
comprometo os nosos anxeos.

Recoñece craramente o orixen
espúrio do goberno de Franco,
imposto coa axuda das forzas
armadas da Alemaña e da Italia;
máis non se astrebe a propoñer
a única solución: a acción directa
en contra dese réxime — froito
dunha evidente intervención eis-
tranxeira —, por outra interven-
ción semellante.

Pretender que doutro xeito o
povo hespañol poida darse o ré-
xime democrático que desexa, e
que lle foi arrincado pol-a forza,
é unha bulra sanguinienta que da
noxo e que fai a un duvidar de
todo.

¿De qué maneira un povo afe-
rrado e aterrorizado dende fai
unha década poderá ceibarse das
cadeas que o cinguen?

Sen armas nen posibilidades
de outelas; estreitamente vixia-
dos os sospeitosos de actividades
contrarias ao réxime imperante;
cheas aínda as prisións de xen-
tes da esquerda, con persecu-
cións e condenas a morte a oito,
¿quén será o tolo ou o suicida
que ouse erguer a voz en contra
dun sistema sostido por baione-
tas eistranxeiras — mouros e
alemáns emboscados — e por mi-
litares que son tan culpables
como o mesmo que os manda?

Mester é ser idiota ou malva-
do para creer que un povo, nas
condicións en que se atopa o no-
so, pódase liberar por si soio do
réxime máis bárbaro da hestoria
civilizada.

“¡Que non se interveña na po-
lítica interna da Hespaña!”, bo-
rran hipócritamente os mesmos
que noutro tempo inventaron o
Comité de Non Intervención.

Sí, que non se interveña; pero,
mentras tanto, os que tal reco-
mendación aprovéitanse do medo do
títere que eles manexan ao seu
antoxo para sacar do noso país
todo o que poden, sen ter en
conta que milleiros e milleiros
de nosos irmáns morren de fa-
me, porque “¡primeiro son os
nenos ingleses!”. (Así dixo o de-
legado británico na U. N., can-
do o representante francés pro-
puxo que non se mercara nada
na Hespaña para que os hespa-
ñoles non pasaran fame).

A parte máis importante da
resolución aprobada pol-as Na-
cións Unidas, non é a que reco-
menda o retiro dos representan-
tes diplomáticos de Madrid, se-
non o emprazamento que fai con
toda craridade, cando di “que si

dentro dun prazo razoable” no
cambian as cousas, “o Consello
de Seguridade considerará as
medidas adecuadas a adoptarse
co propósito de poñer remedio a
situación”.

Este é o verdadeiro fiudo da
cuestión. Xa poden os señores
membros das Nacións Unidas fac-
er todas as recomendacións que
queiran. Dende as máis benévo-
las até as máis amenazadoras. O
que as sinte, aquel a quen van
dirixidas ten ouvidos xordos. E
como ladrar á lúa ou pedricar no
Sahara. Ningunha atención se
lles prestará a tales recomenda-
cións, totalmente inocuas e in-
fantiles.

Hai que pasar das verbas aos

feitos, si é que queremos de ver-
dade que en Hespaña haxa un
goberno do povo e non a farsa
inmunda, con ventos de traxe-
dia, que oxe domiña á desgra-
da nación que foi abandonada co-
barde e torpemente ás apeten-
cias do fenecido “eixo”, que de
novo amenaza rexurdir no mun-
do coa súa soma maldita.

“Las relaciones entre España y las
Naciones Unidas. Los pueblos de las
Naciones Unidas reunidos en San
Francisco, Potsdam y Londres, con-
denaron al régimen franquista de
España y, decidieron que mientras
permaneciese en España ese régimen,
dicho país no sería admitido como
miembro de la U.N. La Asamblea Gene-
ral en su resolución del 9 de febrero

de 1946, recomendó que los miembros
de la UN procediesen de acuerdo con
la letra y el espíritu de las declara-
ciones de San Francisco y Potsdam.

“Los pueblos de las Naciones Uni-
das aseguran al pueblo español su
permanente simpatía y un cordial re-
cibimiento para cuando las circunstan-
cias le permitan ser incorporado a la
UN. La Asamblea General recuerda
que el 6 de mayo de 1946, el Conse-
jo de Seguridad procedió a realizar
una investigación acerca de las posi-
bles medidas que podían tomar la UN.
Un comité del Consejo de Seguridad,
encargado de esa investigación deci-
dió por unanimidad: a) En su orí-
gen, naturaleza, estructura y com-
portamiento general, el régimen de
Franco es un régimen fascista calca-
do y establecido en gran proporción

como resultado de la ayuda recibida de
la Alemania nazi de Hitler y la Ita-
lia fascista de Mussolini. b) Du-
rante la prolongada lucha de las Na-
ciones Unidas contra Hitler y Mus-
solini, Franco, pese a las continuadas
protestas aliadas, otorgó ayuda muy
substancial a las potencias enemigas.
Por ejemplo: 1) desde 1941 a 1945 la
División Azul de Infantería, legión
española de voluntarios y la escuadril-
la “Salvador” de aviación, lucharon
contra Rusia en el frente oriental. 2)
En el verano de 1940, España se apo-
deró de Tánger en violación del Esta-
tuto internacional de esa ciudad y, co-
mo resultado del estacionamiento de
un gran ejército por parte de España
en el Marruecos español, gran núme-
ro de tropas aliadas estuvieron inmo-
vilizadas en el norte de África. c)
Pruebas documentales incontroverti-
bles han establecido que Franco fué
culpable en colaboración con Hitler y
Mussolini, en la conspiración para li-
brar la guerra contra aquellos países
que eventualmente en el transcurso
del conflicto mundial se convirtieron
en el grupo denominado Naciones
Unidas. Era parte de esa conspiración
que la completa beligerancia de Fran-
co sería postergada hasta una fecha
que sería determinada entre las par-
tes.

“La Asamblea General, convencida
de que el gobierno fascista de Fran-
co, que fué impuesto a España por la
fuerza con la ayuda de las potencias
del Eje y que proporcionó ayuda ma-
terial a las potencias del Eje, no re-
presenta al pueblo español y que su
continuación en el control de Espa-
ña hace imposible la participación del
pueblo español junto a los pueblos de
las Naciones Unidas en la considera-
ción de los asuntos internacionales.

Recomienda: Que el gobierno de
Franco en España sea privado de la
condición de miembro en las agencias
internacionales establecidas por o re-
lacionadas con las Naciones Unidas,
y de participar en conferencias u
otras actividades programadas por la
UN o por esas agencias hasta que se
establezca en España un nuevo y
aceptable gobierno. Además, en el de-
seo de lograr la participación de to-
dos los pueblos amantes de la paz, en-
tre ellos, el pueblo de España, en la
comunidad de naciones.

Recomienda: Que si dentro de un
plazo razonable no se ha establecido
un gobierno cuya autoridad emane del
consentimiento de los gobernados y
que se comprometa a respetar la li-
bertad de palabra, religión y reunión
y la pronta realización de elecciones
en las cuales el pueblo español, libre
de fuerzas e intimidaciones y sin dis-
criminación de partidos pueda expre-
sar su voluntad, el Consejo de Seguri-
dad considerará las medidas adecua-
das a adoptarse con el propósito de
poner remedio a esa situación.

Recomienda: Que todos los miem-
bros de las Naciones Unidas procedan
a llamar inmediatamente de Madrid a
sus embajadores y ministros plenipo-
tenciarios acreditados en esa capital.
La Asamblea General recomienda ade-
más que los estados miembros de la
organización informen al secretario
general y a la próxima sesión de la
Asamblea qué medidas han tomado de
acuerdo con esta recomendación”.

A Viaxe do Dr. Aldasoro

Chamado pol-o Lendakari do po-
vo vasco, —o presidente do Goberno
d-Euzkadi señor Aguirre—, embarcou
pra Franca, o 16 do corrente no va-
por “Jamaïque” o dirixente escuro
Doctor Ramón Ma. de Aldasoro na
compañía da súa distinta dona e fillas.
O doutor Aldasoro desempeñaba na
Arxentina o cargo de Delegado do
Goberno Vasco o mesmo tempo que
conservaba o seu carácter de Conse-
lleiro do dito Goberno; e agora vai a
París a reintegrarse a súa consellería
n-ista hora na que se avencian acon-
tecementos encamiñados a remitir a os
povos da España da escravitude fa-
lanxista.

A labourea desenrolada pol-o doutor
Aldasoro perante o seu exilio no Pla-
ta, foi formidable e brillante, non so-
mentes no que se refire a causa do po-
vo vasco, senón tamén a prol dos
ideais e da política de Galeuzca,
—conxunción das aspiracións nazona-
listas da Galiza, Euzkadi e Catalu-
ña—, e a prol do que nos é común a
todol-os democratas peninsulares: a
restauración da República Hespañola.
Por elo que acadou ampla populari-
dade e fondas simpatías na nosa co-
lektividade galega e nos meios repu-
blicáns hespañoles. Foi o doutor Alda-
soro un aitivo e leal compañeiro do
presidente do Consello de Galiza, Dr.
Alfonso R. Castelao nas actividades de
Galeuzca, cuio paulo histórico, anova-
do eiqñ en Bós Aires, leva a súa fir-
ma por Euzkadi, xunto a do doutor
Serra Moret por Cataluña e a do no-
so Castelao por Galiza.

Do outo prestixio adequerido pol-o
doutor Aldasoro n-istas terras do Pla-
ta, foron boa mostra as manifestacións
de que se lle fixo ouxeto co gallo da
súa viaxe. Temos de facer mención
especial do grandeiro banquete que lle
foi ofrecido nos salóns do “Laurak
Bat” na noite do 7 d-iste mes pol-as
entidás vascas e no cal os galegos ist-
vemos representados pol-o Consello de
Galiza cos deputados Antón Alonso
Ríos e Elpidio Villaverde, pol-a Ir-
mandade Galega cos seus membros si-
ñores Pedro Campos Couceiro, doutor
Fiz Fernández, Manuel Puente, Xosé
B. Abreira e Rodolfo Prada; pol-a
Federación de Sociedades Galegas cos
seus dirixentes señores Antón Alonso
e Xosé Suárez; pol-o Centro Ouren-
sán cos seus directivos señores Antón
Rodríguez, José Rodríguez, X. Fer-
nández e Enrique A. González; e
pol-o Centro Pontevedrés co seu pre-
sidente señor X. Maqueira. Os postres
foron ditos brillantes discursos pol-o
presidente do Laurak Bat Dr. Lázaro

Mendizábal, pol-o eminente arxentino
Dr. Erro, pol-o delegado do Goberno
da República Hespañola Dr. Manuel
Blanco Garzón e pol-o homenaxeado.
Folgámonos de poñer de releve as ma-
nifestacións craras e de xenerosa com-
prensión do doutor Blasco Garzón con
respeito os dereitos dos povos da Ga-
liza, de Euzkadi e de Cataluña, así
coma da lembranza e recoñecimento
que tipo pra o presidente do Consello

doutor Aldasoro fixo entrega do cá-
rrego de Delegado do Goberno Vasco
ao eminente persoeiro vasco doutor
Francisco de Basterrechea nomeado
pol-o seu Goberno pra substituílo. Dis-
pois d-ise aito, o doutor Aldasoro
ofereceu un rñño de honor no Bar Bos-
ton pra retribuir as atencións recibi-
das e coma despedida. N-ises dous aito
ist-ivemos galegos representados
pol-o deputado señor Elpidio Villa-

Notizas de Castelao

Da segredaría en París do presidente do Consello
de Galiza e Ministro galego no Goberno da República
Hespañola, don Alfonso R. Castelao, chegou recente in-
formazón que damos a coñecer aos nosos lectores.

En primeiro termo damos a grata notiza de terse
cuasi plenamente restablecido o señor Castelao da for-
te doenza que o tivo afeutado e retido no leito por uns
dous meses. Nin ben os médico o autorizaron a voltar
as suag actividades, reanudou as tarefas especiais que lle
istán asinadas no Gabinete Giral e os traballos a prol
da liberdade da Galiza e do recoñecemento dos seus di-
reitos nacionais no mesmo pe de igualdade que Catalu-
ña e o País Vasco.

Derradeiramente celebrou o señor Castelao frecuen-
tes conferencias con dirixentes vascos e cataláns nas que
tomou parte tamén un ex primeiro ministro da Repúbri-
ca Portuguesa eisilado na Franca. Non se fixo coñecer
o tratado nas ditas conferencias, máis e ben doado ma-
tinar que n-ilas se terá estudado a futura eistructura-
ción federal da Península Ibérica, no senso do pacto de
Galeuzca.

Tamén ven asistindo, o señor Castelao, aos consellos
de ministros que o Goberno da República Hespañola istá
facendo frecuentemente dende que voltou a París o dou-
tor Giral, e nos cales se estudan os alcances do acordo
da U.N. contra o réxime de Franco e se contemplan
resolucións transcendentais que serán coñocidas na súa
oportunidade.

de Galiza, señor Castelao. Tamén o
doutor Aldasoro tivo, no seu discurso,
afirmacións de solidariedade cos diri-
tos dos povos galego e catalán.

A lamentábel doenza que, nos de-
rradeiros días da súa permanencia en
Bós Aires, aqueixou ao doutor Alda-
soro, impediu a realización dos ho-
maxes que lle preparabamos os cata-
láns e os galegos, coma tamén un ban-
quete que lle ían ofrecer outas perso-
alidás arxentinas no Jockey Club.

Pol-a mañá do mesmo día da par-
tida, tivo lugar nas oficinas da Dele-
gación Vasca, a cerimonia na que o

verde e pol-os señores Manuel Puente e
Rodolfo Prada.

A darlle a despedida no porto, hou-
bo grandeira concurrencia de vascos,
de arxentinos e representacións de ga-
legos, cataláns e republicáns hespa-
ñoles.

A NOSA TERRA deséxalle ao
doutor Aldasoro unha felicitísima via-
xe e moitos éxitos na súa atuazón no
seo do Goberno Vasco. Aló en París
voltará a atoparse co máisimo persoi-
ro da Galiza, ministro do Goberno
da República Hespañola, señor Alfon-
as sagras tarefas a prol da liberdade
dos seus respectivos povos.

Nacións que se abstiveron

Afganistán, Canadá, Colom-
bia, Cuba, Exipto, Grecia,
Honduras, Líbano, Holanda,
Arabia Sandita, Siria, Tur-
quía e a Unión Sudafricana.

Os que votaron en contra da resolución da Asambleia

Arxentina, Costa Rica, Re-
pública Dominicana, Ecuador,
O Salvador e Perú.

O Dr. Xiral Volta a París

Informa da laboura na U. N.

Anque supoñemos aos nosos lectores ben enterados do sucedido na Asamblea das Nacións Unidas en col do problema da Hespania, consideramos conveniente reproducir a seguinte información, publicado no derradeiro número de "La Nouvelle Espagne".

"Ao seu regreso a Franza, despois de haber levado ao fin en Nova York, nas esferas da Organización das Nacións Unidas, unha laboura chea de gallardía na defensa da causa das liberdades hespanias, coidamos era do máis outo intrínseco perguntar ao xefe do goberno lexítimo, don Xosé Xiral, para obter del unha narración completa das incidencias desenroladas na Asambrea xeral da ONU, coa ocasión de suscitarse o eíxamen do noso problema.

O Sr. Xiral accedeu xentilmente ao noso requerimento.

— Mellor que unha "interviu" — nos dixo —, considero que será útil e conveniente referirnos ao xeito en que se produxeron os debates, razonando e comentando despois, nos seus termos xustos, o texto definitivo da resolución adoptada na ONU sobor do problema hespaniol. Limitémonos a narrar os feitos, deixando para outro día os razonamentos, as interpretacións e os comentarios.

Detalles das proposicións presentadas

Habíase presentado na Comisión Política da ONU varios proxectos de resolución, entre os cales destacábase principalmente o da delegación de Bielo-Rusia, que propoñía a aplicación das sancións económicas e de outra cras que figuran consiñadas no artigo 41 da carta. Por outra parte, a delegación da América do Norte presentaba unha proposición que podía considerarse como a máis débil, posto que non implicaba a adopción de sancións contra do réxime franquista, senon que constituía un simple chamamento ao povo hespaniol para que levase a cabo a formación dun goberno que lanzase a Franco do poder e que concedera toda cras de liberdades individuais e políticas, como trámite previo para a celebración dunha consulta electoral.

Entre unha e outra proposición, figuraban outras proposicións intermediarias; tales eran a polaca, que solicitaba a ruptura colectiva de relacións diplomáticas; a noruega, que no fondo parecíase moito á anterior, e a que suscribía un grupo de delegacións hispanoamericanas, que tamén chegaba á conclusión dunha ruptura colectiva. A delegación de Colombia formulaba outra análoga á norteamericana e facía a suxerencia de que as Repúblicas latinoamericanas deberían ofrecer ao goberno de Franco os seus bós oficios para

resolver o noso problema, dilatando até a próxima Asambrea xeral a discusión e a adopción das medidas propostas por Polonia.

A laboura do Subcomité Político

Como xa se sabe, o Comité de Asuntos Políticos desinhou un Sub-Comité para que se ocupase do estudo de todas as proposicións. Este Sub-Comité foi formado polas delegacións das catro grandes potencias e por aquelas outras que habían suscrito as diferentes proposicións de nantes mencionadas. As discusións no Sub-Comité deron lugar a que se retirasen algunhas das proposicións presentadas, quedando subsistentes soamente tres, con algunhas modificacións: a norteamericana, que sirveu de base de discusión, a do grupo de países hispano-americanos, e a belga, que quedaba en reserva e que foi a que prevaleceu.

Nestas proposicións había unha parte común a todas elas, que era o preámbulo da que se aprobou, preámbulo que é unha condenación definitiva, razonada e chea de dureza contra do réxime de Franco. As afirmacións que nel se conteñen son irrefutables e é de notar que os párrafos deste preámbulo son esaxeradamente os mesmos consiñados na carta que dirixiu no nome do goberno a todas as delegacións acreditadas na ONU nos primeiros días da reunión, afirmacións que están á súa vez tomadas do "rapport" redactado no mes de xunio polo Sub-Comité do Consello de Seguridade.

Ese preámbulo, que xa figuraba na proposición norteamericana, foi aprobado por unanimidade, tanto no Sub-Comité como na Comisión de Asuntos Políticos, e non hai que dicir que igual aconteceu na Asambrea.

Pero a esta condenación e censura tan enérxica do réxime franquista seguía na proposición norteamericana, máis que unha recomendación eficaz, un chamamento ao povo hespaniol, e nada máis. Estoncos proseguiron as discusións acerca do que había de ser a parte dispositiva da resolución, e non habéndose producido coincidencia de opinión para a confección dos párrafos de carácter resolutivo, o Sub-Comité enviou o seu "rapport" á Comisión na cual tivo un longo debate no que interviñeron numerosas delegacións, pronunciándose discursos interesantes, eispresivos na súa maior parte do intrínseco e entusiasmo que desperta a defensa da causa da República Hespaniola. Merecen destacarse as intervencións dos delegados de Venezuela, señor Zuloaga; de Guatemala, señor García Granados, e de Franza, Mr. León Jouhaux, quen pronunciou tres magníficos discursos.

As proposicións en puna

Non habéndose chegado tampouco a un acordo na Comisión Política, puxéronse a votación as recomendacións da proposición norteamericana e as dos delegados dos países de Hispano América, posto que xa as outras, en maior ou menor medida, ha-

bíanse sumado a estas dúas. A votación comenzo pola proposición de Colombia, que foi rechazada por 26 votos en contra de 5 favorables e 18 abstencións. Da proposición norteamericana aprobouse case unanimemente o primeiro párrafo, que fai referencia á eíxencia do goberno de Franco de todo organismo pertencente á ONU, ou relacionado con ela. O resto da proposición norteamericana foi rechazado por un empate de 22 votos contra 22 e 6 abstencións e, asimismo, foi rechazada a proposición de ruptura de relacións diplomáticas por empate de 20 contra 20 e 10 abstencións.

Cómo surxeu a proposición belga e cómo se chegou á resolución final

Surxeu, estoncos, a proposición belga, que despois de discutida amplamente, e combatida sobor de todo polas delegacións anglo-saxonas, foi aprobada por 23 votos contra 4 e 20 abstencións.

Os acordos na Comisión de Asuntos Políticos adóptanse por maioría absoluta de votantes, non sendo necesarios os dous terzos que se precisan para tomar acordos na Asambrea xeral. Houbéramos podido conseguir algún outro voto favorable á ruptura de relacións diplomáticas, co que tal proposición houbera sido aprobada na Comisión de Asuntos Políticos; pero como non os era posíbel obter os dous terzos na Asambrea xeral, preferimos que fora rechazada por empate con obxecto de conseguir que a proposición da delegación belga sumara na Asambrea os dous terzos requeridos, como así foi, posto que esa proposición — tamén longamente dis-

cutada — foi definitivamente aprobada por 34 votos contra 6 e 13 abstencións e unha delegación ausente. Os seis votos en contra foron os das seguintes delegacións hispanoamericanas: Arxentina, Costa Rica, O Salvador, Santo Domingo, Perú e Ecuador; ausente o Irán e as delegacións que se abstiveron: Afganistán, Canadá, Cuba, Colombia, Exipto, Grecia, Honduras, Líbano, Holanda, Arabia Saudita, Siria, Turquía e Sud Africa.

Debe engadirse que Franza había presentado, por suxestión nosa, unha proposición que estimábamos moi interesante e que tendía a facer cesar, en cada unha das Nacións Unidas, toda importación de produtos alimenticios de procedencia hespaniola. O texto de esta proposición é coñecido e foi publicado íntegramente en "La Nouvelle Espagne". Non obtivo na Comisión de Asuntos Políticos máis que 10 votos en favor, 32 en

contra e 4 abstencións. O resultado adverso debeuse moi especialmente á violenta oposición anglo-saxona.

A resolución adoptada significa un paso adiante

Sin perxuicio do comentario minucioso e das consideracións que sobor dos resultados dos debates desenrolados na ONU referentes á cuestión hespaniola prometeunos o señor Xiral, e que publicaremos no noso próximo número, o xefe do goberno fíxonos presente a relativa satisfacción con que recibiu a aprobación da proposta de resolución belga, que supón un considerable paso adiante na situación das Nacións Unidas contra do réxime de Franco.

En ningunha reunión internacional habíase chegado a eispresar a condenación unánime do franquismo como nesta Asambrea, nin tampouco habíase feito en termos tan severos, tan enérxicos, tan eispresivos e tan razonados — terminou dicindo o señor Xiral".

As condenas a morte de Isasa e Llerandi

Os milleiros de execucións e aforcamentos que leva a cabo Franco e a Falanxe é a resposta crua aos "apaciguadores" anglo-norteamericanos e seus satélites. Parecera froito dun acordo tácito entre as actitudes deses dous Estados e Franco.

Non queremos prexulgar, pero, ¿cómo se pode invitar aos

demócratas hespanios a loita contra Franco e despois permanecer impasíbeis diante o seu desgorgamento?

Para o home que aínda non perdeu o siso, a responsabilidade de cantos aforcamentos de demócratas hespanios se fagan no adianto corresponde por partes iguais ao goberno de Franco e aos Estados que asinaron o chamamento aos homes de sentimentos libres na Hespania para a loita contra o réxime.

Xa non son posíbeis máis capitáns Araña. Debemos decilas cousas como son e chamarlle polo seu nome.

Isasa e Llerandi e centos máis serán o pesadelo dos capitáns Araña que gostan de pescar troitas coas mangas enxoiadas.

O Porco Está Intranquilo

por VERDUGUILLO

Na Corte da Hespania, digo, no cortello que ten nos Madriles o porco do demo, non fai moitos días houbo gran xaleo. Cerre de negocios, algaradas, berros; discursos tronantes contra os eistranxeiros, que marcar pretendían a Hespania o vieiro. A qué viña ao caso

todo ese meneio? ¿A invasión sen dúbida polos Pirineos? Tonterías!, Lleria. pra espantal-o medo. Os cons falanxistas, ao tomar en serio, das Nacións Unidas, o fallo que deron, colmaron as rúas de ladridos feros.

Os probes, a morte xa próxima, vendo, quizabes ao mundo amosar quixeron que eles son Hespania, i Hespania n-é eso. Calade, calade; xa nos coñecemos e pol-o de agora non teñades medo. O Truman i o Atlee son homes de peso e non farán nada que sexa incorreito. O mal dese lado non virá, de certo; mais ha de chegare pra vos nalgún tempo. Y entón, meus amigos, non valirán berros; total-as contiñas as axustaremos. Namentras, ladrade i onveade arreo, que, de nada, nunca nos esqueceremos.

Países que votaron a favor da resolución contra o réxime de Franco

Australia, Bélxica, Bolivia, Brasil, Bulgaria, Chile, China, Checoslovaquia, Dinamarca, Etiopía, Francia, Guatemala, Haití, Islandia, Irán, Liberia, Luxemburgo, México, Nova Zelandia, Nicaragua, Paraguai, Filipinas, Polonia, Suecia, Ucrania, Reino Unido, Estados Unidos, Uruguay, Rusia, Venezuela e Yugoslavia. Inglaterra votou a favor do retiro dos embaixadores, pero en contra de que o Consello de Seguridade poida tomar medidas en ningún intre.

Camisería de
medura fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Bar
"QUITA PENAS"

— de —

VAZQUEZ y VAZQUEZ

Reservado para familias
Servicio esmerado y
económico

Grat. URQUIZA 602
Frente al Hosp. Ramos Mejía

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3° F.
U. T. 23 - 9081

A Soberanía, Hespaña, Xibraltar Dolars e Libras



Namentras non se establezan regras xustas, perfectamente definidas encol do qué é a Soberanía do povo e a do Estado e até onde chega a dos Estados entresí, tudo canto se fale non pasa de barullo.

Di-se que un povo é soberán e que dentro do seu territorio pode facer súa vontade. De acordo coa verdadeira aceición da palabra asíñ debera ser. Mais resulta que unha determinada acción dun Estado pode trabar o normal desenrolo de outro, xurdindo, entón, a necesidade de limitar as soberanías entre Estados. Seguindo iste orde de eliminación chegaremos a conclusión que a Soberanía entre Estados e tamén entre estes e os seus respectivos povos é a resultante dun valor entendido por meio de pactos, leises, etc.

Ao home de senso común non lle é mester perdelo siso no sarullo de ficcións leguleiras que serven de tapadeira a intereses noxentos. Ele sabe que a Soberanía do Estado é tal cando o individuo e a comunidade a que pertence son soberáns. Un Estado debe ser a suma de vontades dos individuos e povos que representa. Por exemplo: si Hespaña fora un Estado orgaizado de acordo a natureza dos povos que o compoñen, a soberanía estatal pousaría na seguinte suma de vontades soberáns: Soberanía do individuo máis soberanía dos povos diferenciados.

Un Estado que abranxe a povos heteroxéneos, como é o hespañol, ten que ter desciminada a vontade individual de acordo ao ritmo de vida da comunidade. Non é verdadeira, na maioría dos casos, a vontade indiscriminada de povos heteroxéneos. Mais o que non ten xustificación algunha é falar ou defender a soberanía dun Estado cando este non é a expresión da vontade libre dos individuos e povos que o compoñen. Daí que a intervención ou a non intervención sexan dous fillos xemeos da ficción da soberanía indiscriminada.

Nós somos fideis partidarios da non intervención nos asuntos internos dos Estados, sempre que estes sexan a expresión da libre vontade dos seus povos e individuos. Pero non enxerguemos cómo se pode defender a soberanía dun Estado que non ten o consenso do seu povo. Deste xeito a soberanía non ten máis valor que o fonético. E velái o caso dos Estados que defenden a soberanía como si fora a verba máxica que ofrece a impunidade a un feixe de audaces para escravizar aos povos e abafar ás conciencia que non se dobrequen ás súas ambicións.

Calquer home do povo entende e percebe istas razóns sinxelas.

XIBRALTAR, LIBRAS - DOLARS. — Velái a Non Intervención de beizos a fora, feita intervención sen o máis pequeno respecto para os povos hespañois,

Xibraltar foi e segue sendo a causa principal de todos os xeitos de intervención allea no desenrolo dos povos hespañois. Pouco se fala de Xibraltar. Parés que todos tiveran vontade de es-

por

GONZALO DE BALCAIDE

quecer súa eistencia. Mais a verdade é que Xibraltar é o Cancro que nos aperta a gorxa, que nos quitou a fala e o libre albedrío. O demais é lería. Xibraltar e a Non Intervención en Hespaña non poden coesistir.

Mais por si non fora dabondo o cancro de Xibraltar na gorxa da Península para abafar a soberanía dos povos hespañois, aínda interceitaron as vías dixestivas deste con libras esterlinas e dólares. Vexamos agora o que dí o periodista norteamericano, Allan Hermann* con datos recollidos nos arquivos da Embaixada Norteamericana en Madrid:

"Hay invertido capital británico en los ferrocarriles de Carolina y prolongaciones (3.000.000 de pesetas); en la Insular Colonial de Electricidad y Riesgos (12.500.000); en Minas del Centenillo (5.500.000 pesetas); en Minas Rodalquilar (cuarzo) con pesetas 5.500.000 y en los sulfatos de Logrosán, donde los intereses británicos están representados por el trust británico Vickers, el que también tiene grandes inversiones en la Sociedad Española de Construcción Naval. El capital británico controla completamente la Sevilla Waterworks Co. Ltd., (12.000.000 de pesetas); la Compañía General Canaria de Combustible (pesetas 1.500.000); la Tharsis Sulphur

Mines Ltd. 60.000.000 de pesetas); Manufactura de Corcho Armstrong S. A. (25.000.000 de pesetas) y la enormemente rica compañía minera de Río Tinto (150.000.000 de pesetas). Esta es una compañía extractora de cobre de la cual Anthony Eden es director.

El capital británico posee también las minas de mineros de hierro de Vizcaya donde controla la Iron Ore Co. y la Luchana Mining Co.

Alrededor de las minas de cobre del norte de España, los británicos tienen grandes propiedades que no pueden estimarse —ferrocarriles, edificios, residencias para personal británico y cientos de miles de acres de tierras.

ORO YANQUI

El capital norteamericano, tiene en España una tremenda influencia por medio de la International Telephones and Telegraph Corp. (su capital excede los 1.000 millones de pesetas). El capital norteamericano también controla la Standard Electric Co. (30.000.000 de pesetas). La Socony Vacuum Co. ha establecido en España una nueva compañía llamada Vepsa, de la cual controla el 50 o/o y los fascistas españoles el resto. La Firestone Hispania S. A. tiene un capital de 15 millones de pesetas y recientemente se ha invertido capital norteamericano en las comunicaciones españolas, industria naviera, aeropuertos y petróleo.

De qué Soberanía e de qué Non Intervención nos falan os Anglo-Norteamericanos?

Concurso Literario da Federación de Sociedades Galegas

O FALLO DO XURADO — IMPORTANZA DOS TRABALLOS PREMIADOS

O concurso literario orgaizado pola Federación de Sociedades Galegas, coma un dos números do programa co cal festexou o seu 25º aniversario, ten de ser fixado na historia da cultura galega. Facemos ista afirmazón, non sómentes en base o valimento eiseucional dos traballos premiados, senón tamén a circunstancia da outa categorización que lle asina ao idioma galego, os tres traballos de tradución de modernos poetas ingleses e franceses, que o xurado atopou merecentes de ser recompensados, non embargantes que, pra ise tema, estaba anunciado un soio premio.

O xurado istivo composto polos señores doutor Ramón Rey Baltar, Avelino Díaz, Alfredo Baltar, Rodolfo Prada e Francisco Regueira. O prazo pra recepción dos traballos finou o 12 d'Outono, e dende entón hasta o 14 do corrente adicouse o xurado a estudar os moitos traballos recibidos. No dito 14 do corrente, celebrou o xurado a súa derradeira xuntanza na que ditou o fallo que consistiu: en declarar desertos os temas "Novela" e "Comedia Teatral", pois ningún dos traballos chegados ao Concurso axuntaba méritos

suficientes pra ser premiados; en otorgar, no tema "Ensayos", o premio de \$ 500.— o traballo tidoado "Cos ollos do meu espírito", do que resultou autor don Francisco Fernández del Riego, residente na Galiza; en asinar, no tema "Tradución ao galego de dez poemas de modernos poetas franceses ou ingleses", o premio de \$ 500.— o traballo que resultou ser do poeta don Florencio Manuel Delgado Gurriarán, eisilado en México, i estabrecer dous accesits de \$ 250.— cada un, pras tradución de poetas ingleses feitas por don Plácido R. Castro, residente na Galiza, e pras traducións de poemas franceses e ingleses feitas por don Lois Tobío Fernández, eisilado en Montevideo.

Os catro autores premiados son outos valores inteleituales pertencentes a xenerazón de xóvenes patriotas galeguistas afervoados cultores da sagra lingoa galega que brillaba na nosa Terra no intre mouro que ficou amagastrada pol-o cruel falanxismo.

O outo valor que, pra o noso idioma, contituen os tres traballos de traducións, pódese establecer pol-o feito de que, a maioría dos poemas ingleses e franceses que os integran,

CANDO se trata de suprimir o foco feixista da Hespaña, imprantado abertamente pol-os difuntos Hitler e Mussolini (que malos demos os leven), xentes chamadas demócratas protestan airadamente porque tal feito sinifica — din elas — entrometerse na política interna dunha nación.

Este argumento sería valedreiro si o réxime que se pretende cambiar fose resultado dunhas eleccións libres; pero, ¿onde están os votos que elevaron ao Caudillísimo até o cárrago de dictador?...

Por eso as Cortes hispanas, para facer invulnerable ao seu amo, dixeron que había sido nomeado pol-a gracia de Deus. ¿Quén se mete agora con él?

A propósito de intervencións. Un funcionario do Forcing Office mos-trouse moi enoxado pola resolución das Nacións Unidas respecto ao falanxismo. "Agora —dixo él— xa non podmos seguir traballando —intrigando, diríamos nós— para sacar a Franco. O Sr. Mallet, ao abau donar Madrid, non poderá xa desenrolar o pran que había cuidadosamente preparado e que tiña moitas probabilidades de éxito".

En que quedamos. ¿Inglaterra interven ou non nos asuntos que, según ela, sóo competen aos hespañois?

ESTE barullo da intervención e da non intervención vaise parecendo ao conto da boa pipa e ameaza convertirse nun problema sin solución. Salvo que se presente un novo Alexandre e corte o "nudo gordiano" cun golpe de espada.

NAMENTRAS polo mundo enteiro se discute a lexitimidade ou a flexitimidade do réxime hispano, os que teñen a ventura de vivir dentro dese bendito e imperial réxime gozan das delicias de Xauxa.

Vede se non unha das racións mensuaes que se disfroutan no noso ditoso país: Arroz, 16 kilos; azúcare, 10 kilos; bacalao, 10 kilos; garbanzos, 4 kilos; lentellas, 4 kilos; favas, 4 kilos; café, 2 kilos; sopa de fideos, 4 kilos; chocolate, 16 libras; aceite, 8 litros; leite condensado, 16 botes; xabón sevillano, 4 barras.

Todo esto, que importa oficialmente 626 pesetas, non é para alimentar a un reximento; é a ración mensual que lle corresponde a un capitán de artillería, ademais de recibir sen taxa carbón, patacas, carne e pescado, e ademais de recibir a ración ordinaria, común a todos habitantes de terra tan pródiga.

¡Viva Hespaña! — eiscramarán con ardor patriótico os militares amigos do caudillo. — ¡Viva Hespaña!... E o "eistraperlo".

DON Indalecio Prieto pide que se disolva o goberno de Xiral para que poida constituirse unha xunta, que facilite a sustitución de Franco por un goberno que presida un prebiscito. ¿República ou Monarquía?

Conócese que Don Inda non ten intrés en voltar a Hespaña. Atópase moi orondo envolto en kimono xaponés e calzado con babuchas bordadas en ouro, recibindo como un pachá aos escravos que teñen o honor de ser ademitidos á súa presenza. ¡Maldito diñeiro!

GRAN Bretaña e Norteamérica instigan aos hespañois para que derruben o réxime que os tiraniza e se den outro de esencia democrática. ¿Qué lindo! ¿E de qué xeito se poderá alcanzar esa breva? Que o tío Sam e John Bull nos den a receta e non tardaremos nen cinco minutos en poñela en práctica.

Tememos que a tal receta sexa parecida a aquela que pretende abrilas ostras con razonamentos.

POR fin, os falanxistas conseguiron apoderarse dos mortaes desposos do gran compositor Manuel de Falla. Con todo sxiño, como o ladrón, embarcáronos para Hespaña, en contra da vontade da irmán e do mesmo Falla.

Xa que non poideron ter a súa alma, levaron o seu corpo, que non protestará do sacrilexio. Ao falanxismo o úneco que lle interesa son os corpos... que non falan.

aínda non foron traducidos o castelán. Pol-o conseguinte daráse a honrosa e relevante circunstancia de que os inteleituales de fala castelán que non seipan o francés ou inglés, coñocerán os taes poemas o través do idioma galego. E será moi xeral, no mundo inteleituaal hispano-americano, a solpresa de ollar que a lingua ga-

lega istá prenamente axeitada pra recoller, con grandeira categoría, as máis outas eispresión literarias do eistranxeiro. Vaian as nosas máis afervoadas felicitacións a Federación de Sociedades Galegas de Bós Aires pol-a súa patriótica iniciativa; e os catro autores premiados pol-a outa labourea que renderon a patria galega.

Valores Galegos

ROBERTO BLANCO TORRES

Nascen en Cuntis — Pontevedra — nos derradeiros anos do século XIX. Estudou en Sant'ia go, na Universidade Pontificia, pero non chegou a rescibir as or des sagras. Emigrou pra Cuba, onde axiña se destacou como xor nalista; pro o crima tropical i a seudade voltaron axiña pr'a Ter ra, onde a súa inxenuidade, a súa cultura, a súa civilidade, o levou a ocupar o seu posto na loita pola liberdade de Galiza — en lón as Irmandades da Fala — e pol-a redenzón habrega, o agra rismos, que d'aquela tiña por ver bo acceso a Basilio Alvarez.

Foi redactor xefe de "Galicia", o gran diario vigués no que co laboraban os novos valores da Terra, xornal ó que se debe a renovazón formal i espiritual da prensa galega.

Eran os tempos da dictadura de Primo de Rivera e máis de unha vez o director de "Galicia", Paz Andrade, e o xefe de redac ción, Blanco Torres, foron a pa rar á cadea ca súa rebeldía.

En 1926 trasladouse a Ouren se, onde dirixeu "La Zarpa", o diario creado por Basilio Alva rez.

Derradeiramente, en 1935, di rixía "El País", xornal afeuto a Izquierda Republicana, en Ponte vedra, deica o intre en que en Marzo de 1936, o goberno o cha mou a Madrid pra nomealo xefe

de prensa do Ministerio de Go bernación.

Pra participar na votación do Estatuto de Galicia viaxou a Ourense, tomándose despóis unhas vacacións, que pasaba n-A Pera xa, onde estaba cando escomen zou a traición dos militares hes pañoles. Da casa labrega dos seus familiares fórono a tirar os fa lanxistas, que o levaron preso a Ourense; ós poucos días sacáro no da cadea, de noite, e n-un amanecer orballado, como o can tado nos seus versos, apareceu —un de tantos "rojos" asesina dos— n-unha cuneta. Así, por or de de Falanxe, a Guardia Civil, "alma negra de charol" puxo fin a unha vida de bondade, de tra ballo, de rica pobreza, de gran patriota, que foi a de Roberto Blanco Torres.

Home culto, gran estilista, poeta de estro civil, Blanco To rres sementou a súa idea cotián nas follas dos xornales, nos edi toriales e nas prosas humorís ticas que firmaba Fray Ro blanto.

Deixou un libro de poemas, "Orballo de meia noite".

Deixou na lembranza dos que o coñeceron, por riba de todo, a lus do seu afervorado galeguismo.

A súa morte é un exemplo in discutible de que o berro esqui zofrónico do tórido integral, Mi llán Astray, presidía a situación "cristiana" dos falanxistas.

A Pantasma Castigada

Cóntano, e como o confan así o digo.

Era d'unha vez no lugar de Pa reda e había un mozo que se tiña por valente e de non ter medo a nada. Isto puña de malas pulgas ós mozos do lugar que se sentían pequenos ó lado d'aquel matón, e pol-o tanto pensaron xogarlle unha mala pasada.

Tiña este mozo, que lle chama ban Odilo, unha moza n'un lugar de fora, e con ela iba parrafear to dos os días de descanso alá pol-a caída da tarde, e non volvía has tra moi entrada a noite. De esta ocasión valéronse os mozos do lu gar pra xogarilla, o cual fixeron da forma seguinte:

Colleron unha sábana, puxéron lle tres paus pola parte d'arriba, meteuse un dentro e con tres faro les e dúas lanternas que tamén me teron, parecía mesmamente cando estaban acesas que ardía todo aque lo como un facho. Os outros tres mozos, pois os da broma eran ca tro, quedaron con fachos de palla en disposición de encendelos tan pronto como o que faguía de pan tasma asubiasse.

O camiño que tiña que andar o mozo que entendía por Odilo, era camiño real e cuasi na metade tiña un cruceiro que era o sitio onde se colocaron con todo o preciso pra lle meter medo.

Pouco tiveron que esperar, pois d'alí on nadiña ouviron carras pear e o ruído d'unhas botas que aínda ó lexos decían que o dono pisaba recio. Tan pronto chegou ó cruceiro por pouco non se quedou seco ó ver unha pantasma que bo taba lume pol-os ollos e en moi pouco estivo a que non collese n-

ha carreira e non parase en deica á casa; pero pensouno millor, ain da qu'o tempo e o caso non eran dos pintados, e púxose a faguer a señal da cruz primeiro, arrenegar ó demo despóis e terminar logo por se achegar pra lle preguntar o que s'ello ofrecía. Nunca tal cousa se lle ocorrira. A pantasma que pra nada contara con semellante estre vemento, pegou a fuxir como un condenado, e moi pouquiño tempo lle levaría chegar á casa, si non houbera quen llo impedise, y ese alguén non foran as bruxas.

Todo o mundo sabe, e si non-o sabe eiq'ei estou pra llo decir, que cando é de noite ó escampado, non se pode asubiar, pois d'esa forma chámase as bruxas, que c'un pen te de asedar o liño, tratan de llo cravar na pel; e tense dado casos de xente que está na súa casa e ver unha luz no monte e asubiar ó punto que pechaba a ventana, e tan pronto como o fixo, quedar o pente cravado, de tal xeito que se precisaron en mais de unha ocasión tres e catro homes pra arrincalo. Boeno, pois volvendo ó conto d'e nantes, tan pronto chegou ó cru zeiro o mozo a quen esperaban, asubiu, según quedaron entr'eles, e pra que che quero, miña nai, moi moillor fora que calara; pe garon as bruxas co-ill entr'eles al gunhas do lugar, e moi mal lle fora si a Providencia, que sempre vela por nós, nono salvara. Caíu e le vantouse non sei as veces; en ga rrulle a sábana n'unha silva, que se lle quedou c'un anaco, e por fin despóis de moito correr e berrar deu co seu corpo no chao, sin for zas pra seguir; encomendou a súa alma a Dios e deixouse que lle

VERBA MAXISTRAL

VIGO: A CIBDADE

Ademiramos todos com'unha obra filla do esforzo e máis do entusiasmo, reveladores de fér tiles enerxias, o progreso rápido da cibdade viguesa. En todos os aspectos da vitalidade d'un po bo, no qu'imprica forza autuan te e forza en potencia, Vigo há chase en condicións envexabres. Como mercado d'industria e co mercio, é, por dereito propio, —adequido por asimilazón un pouco ficticia, máis frutuosa n-iste caso, d'hábitos estranxei rízos—, o primeiro na Galizia. Dendes d'a industria conserveira hasta as máis cativas mani festacións da concurrenza do traballo, todo en Vigo da a sen sación d'un rexurdimiento vital, de cibdade qu'avanza confiada na decisión da súa vontade e na eficacia das súas propias ener xias. Eís as súas rúas novas, as súas construcións modernas sun tuosas, as súas espréndidas vías qu'alongan cada vez máis a cib dade, invadindo os límites y-a gándara; a súa rede de tranvías urbáns en aumento constante, os seus medios locomotrices de co municación cos pobos veciñei ros, os seus proxectos, final mentes, de grande importancia, ent'os que figura o de roubar ó mare un bo anaco pra ensa che da cibdade. Trátase d'unha empresa formidabre, quizais fantástica á primeira ollada, como xenerada ó fin no celebre d'un artista xenial; mais cúa realización non sería imposible pr'a tenacidade y-o tesón das vigueses.

N-iste senso non hai máis que lle pedir a Vigo; non é hoxe tan soilo unha esperanza, a cibdade do pervir, a urbe futura atlán tica, onde axuntaríase o dualis mo de forzas, a espiritual e a material, qu'autúa nas sociedades e simultanéase nos pobos pra imprimire caráuter e robustece re a personalidade colectiva; é unha realidade en marcha, en marcha ascendente, enxendrada por un espertamento integral

arreasen todo o que quixesen. Nin que decir ten, por que estas bru xas non perdoan, que lle encheron o eñ de couces e no deixaron óso no corpo nin sitio na cabeza sin llo magoar a paus; estordegáronlle un brazo, encherónlle a boca de terra, e si non-o mataron que llo agrar deza á Providencia que como xa dixen non abandoa ós seus fillos en frances apurados.

Vós creeredes que xa acabou o conto, pois equivocástevos, aínda trouxo o seu rabo. Enteirada a Xusticia dos malos tratos que lle deran ó Xosé, o da sábana, comen zou a indagar e preguntar quen fora e quen non fora os que tal barbaridá cometeran, prenderon ó Odilo, ós tres compañeiros do Xosé, a catro mulleres que se decía eran bruxas, pra saber, e non souperon sinon que aquil día andiveran por todo o monte moitas luces, apagán dose e encendéndose, preto do Xosé, pero que nada sabían e que pra nada se meteran no asunto.

Dende entón n-aquíl povo todo o mundo se mete na camiña dende as dez da noite — pol-a nova — no vran e ás oito no inverno, e si al gunha vez se xuntan os mozos do conto, non fan sinon pensar no que lles pudo haber pasado aquil día e gracias ás gracias, todo quedou a ben.

(Recollida por Amadeo López Bello)

d'autividades, empuxada por un fervore de vitalidade qu'acugu la en todo o orgaísmo cibdadán Vigo chegará a ser, no orde ma terial, todo o qu'as chamadas forzas vivas propónanse, e se non propoñdrán acometeren o imposible ou o absurdo, porque d'elas é o senso, prático.

Mais, abonda co isto pra fa cere unha gran cibdade? A in tensidade nos negocios, a mag nificenza na pedra, a fastuosi dade nos edificios, abondan pra crearen a cibdade, a "civi tas", o núcleo centralizadore da personalidade e da cultura, sella das por unha arela interiore, pol-os desacougos da vida es piritual? Porque antr'os máis sineiros admiradores da pu xanza progresiva de Vigo hai unha vintena d'homes qu'ó in ternarnos na súa vida espiritual, sentimos, coa sensazón da es traneza, o frío da desilusión. Hai na cibdade da Oliva unha desigualdade moito ostensible entr'a súa febre mercantil, en tr'a súa grandeza material, doa da pra novas ampliacións pol-a concentración do esforzo n-iste único aspecto, e o reducido e precario do seu desprazamento espiritual. A preponderanza do

"business is business", furtan do a atenzón vixiante ós outros intrases da cultura, non é un feito que poida pasare inadever tido ós que concebimos a "civi tas" ó xeito de Fustel de Coulan ges, com'unha suprema entidade orgánica, com'unha converxenza ou calladura dos valores espi rituais dos povos.

O prurito d'asimilación do ei sótico sin un cultivo atento da propia personalidade espiritual, acusa, pol-o menos, unha des orientación, tanto máis lamenta bre n-un povo que sinte, ó mes mo tempo qu'a emoción do ben estar a outa cobiza de grandes conquistas materiais; outa por qu'aséntase na virtualidade do esforzo propio.

Un povo pode s'asimilare do estranxeiro aquilo que resúltelle porveitoso, mais sin perda das súas íntimas peculiaridades e do seu xenio autóctono. Pode aspi rare ó cosmopolitismo sin perde re as súas características esen ciales. O cosmopolitismo non im pide a afirmación dos valores psicolóxicos propios, como o pri vativo non encrye o esótico. Pa ris, cibdade cosmopolita por es celenza, centro d'atraución pra medio mundo, onde o boyante turismo hispano-americano ten a súa Meca predileta, será de cote unha cibdade francesa, con per xenio e alma francesa, y ende nantes que perder nada do seu caráuter específico pola influen za d'elementos étnicos estranos, isto serán absorbidos por aquél.

E aínda iste mimetismo qu'ou sèrvase no Vigo non se pode in currentr'as valorizacións cul turas, e polo tanto d'esprito e de caráuter; non afeuta ó esen cial, non remove o espírito y-a concencia n-un senso directriz ou normativo. A unha veira o re medo de sistemas e procedimen tos no que toca á vida mercantil —plaxio moito prausibre, porque supón un adiamento nos costumes rutineiros dos nóstros homes de negocios— con acerto a com prendere que sexa unha adqui sición d'importancia, nin útil nin bela, o feito d'andar apresa pol-as rúas, un pouco tezo o corpo e o ar un si é non é británico, mo vendo os brazos como dous pé n dulos lateraes, o continente er gueto, o traxe á inglesa e sin abrigo un día de xiada, como sín no de forteza saxona. Nin o com prendo nin sei que relación pode rá tere esa ouesión imitativa co progreso vigués.

Isto, superficialmente, parece non ter importancia. E ten-a. Porqu'as liñinas postizas non son un valor. Un povo próspero e rico sin personalidade, sin va leres culturais, desentendido da vida ideal, é com'unha muller fermosa, mais... sin corazón. Eso é o que percisa Vigo: creare a súa personalidade como poboazón galga, forxar a súa vida espi ritual. Como a Cruña, por exem pro, necesita algo d'aquela auti vidade e d'aquela disposición vountaria pra o mundo dos ne gocios. E os qu'ademiramos Vigo e n-ill ollamos a gran cibdade do porvir, a gran urbe da futura ci vilización atlántica, quixéramos ollare tamén, á veira do seu fro recemento económico, o frorece miento do seu espírito e o calla miento da súa cultura.

ROBERTO B. TORRES.
"Nós", N° 5, 24/6/1927

VISITA DE IRMANS

Xesús Canabal. — Fai uns días tivémolo pracer de saudar eiq'ei ao irmán don Xesús Cana bal, membro destacado da cole tividade galega de Montevideo e distinto compoñente da Irman dade Galega do Uruguai. O ir mán Canabal voltou recentemente d'unha longa viaxe aéreo que abarcou Sud-América, os Esta dos Unidos, Inglaterra, Franza, Hespaña e Portugal. En París is tivo co señor Castelao nos intres en que se atopaba no leito, máis fortemente atacado pol-a doenza da que damos conta n-iste nú mero. D-ill trae as máis afervoa das eispresións de garimosa lem branza dos galegos do Plata.

Tamén pasou o irmán Canabal uns días na Terra, onde recolleu impresións das moitas dificul tades de todo orde con que loita o povo, baixo as gadoupas falan xistas e do rexo espírito co que se mantén fidel aos ideaes de li bertade e de democracia.

Isidro Rodríguez Amoedo. — Atópase antre nós iste bó irmán, dirixente da Irmandade Galega de Mendoza que tan outa labou ra patriótica ben desenrolando n-aquela provincia cuyana.

Iste irmán, que conta con mo itas simpatías no seo da nosa co leitividade, ven sendo ouxeto de diversas atencións e agasallos.

O saudar afervoadamente o irmán Rodríguez Amoedo, dese xámoslle unha boa estada n-isto capital.

LEA E DIFUNDA
A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GA
LIZA

No 463º. Aniversario da Morte de Pardo de Cela

Co patrocinio da "Irmandade Galega", "Centro Ourensano" e "Centro Pontevedrés", foi tributado un homaxe á lembranza do Mariscal Pardo de Cela, o día 17 de Nadal, nos salóns do Centro Ourensano, con motivo de se cumprir n-esa data o 463º aniversario da morte d-aquel héroi galego que foi asesinado en Mondoñedo pol-os persoeiros dos Reises Católicos.

Foi un aito de carate patriótico galego no que se puxo de manifesto o fondo sentimento de veneración que perdura nas nosas xentes pr-as grandeiras figuras que, com-o Mariscal Pardo de Cela, deixaron na historia de Galicia un fito heróico e da mais outa e quente lembranza.

No proskenio estaba a bandeira galega, como decote, persiñdo a xuntanza e como símbolo ergueito do noso sentimento patrio. O público —non mui numeroso pol-a incrementación da noite que era de tempestade— ofrendou o homaxe da súa presenza i-escoitou os oradores que falaban da esgrevia figura do Mariscal e do que él representou pra Galicia nos seus tempos e representa aínda no noso presente e pr-o noso porvir.

Primeramente falou o irmán Fiz Antón Fernández explicando o significado da data e do homaxe que se realizaba á lembranza d-un home que tuvo morte tráxica por defender os dereitos de Galicia i-a súa independencia fronte ós invasores centralistas que iban submeter a nosa terra á escravitude política.

Despois falou o irmán Avelino Díaz quen fixo unha esquemática relación histórica de Galicia sinalando o noso orixen celta i-os feitos máis relevantes da nosa historia patria dende os seus comezos até chegar á época de Pardo de Cela pra facer, logo, unha sembranza do Mariscal, como figura d-unhos tempos "en que non se podía ser máis que unha destas duas cousas: ou amo ou servo". Analizou a vida i-os feitos de Pardo de Cela d-acordo a unha interpretación lóxica do seu vivir, das súas loitas, da súa morte e do que todo eso significou pra Galicia. Dixo que o Mariscal foi un eixemplo e que foi, é e será decote un símbolo inmorredouro nos altares da patria e nos corazóns galegos.

Fixo un chamado ós galegos de hoxe pra que se xungan "en apertado mollo" en torno a Castela i-ós demais patriotas que polarizan as ansias de Galicia e fixo unha exhortación ós irmáns da patria pra que teñan fe no porvir e sepan que os emigrados estamos con eles na loita e na esperanza.

Despois falou o segredario do Consello de Galicia, irmán Antón Alonso Ríos, que glosou o dito por Avelino Díaz e fixo unha atinada exposición das circunstancias en que hoxe se desenrola a vivir da nosa patria citando eixemplos e poñendo de manifesto os dereitos de Galicia a ser politicamente ceibe.

Fixo un resumen das expresións dos outros oradores, sinalou as labours desenroladas pol-os patriotas na Galicia e pol-os fatos de emigrados que decote pensan e autúan en consonancia co intrínseco da patria;

afirmou a seguridade de que a nosa terra se verá logo dona dos seus destinos e poderá vivir d-acordo á súa modalidade sin as noxentas trabas do centralismo opresor asegurando que o mañán e noso por direito e por xusticia.

O público tributou alongados aprausos os bradores i-o aito, en sí, foi unha verdadeira demostración de patriotismo e unha afervorada lembranza ó héroi Pardo de Cela i-unha condenación pr-os seus verdugos que o foran también das liberdades de Galicia.

A continuación publicamos o discurso do señor Avelino Díaz, por consideralo digno de ser coñecido e divulgado.

DISCURSO DO SEÑOR AVELINO DIAZ

¡Condescendentes irmáns!

Cando se trata de falar de Galicia, das xentes e das cousas galegas, eu, aínda que non teño méritos nin capacidade, non podo negarme nin podo deixar de dar a miña franca axuda as labours que se fan a prol da nosa patria e do noso povo.

Pra falar d-unha figura tan esgrevia como foi a do noso héroi, o mariscal Pardo de Cela, pra situar-la no seu verdadeiro cadro, dentro da historia de Galicia, fai falla, pol-o pouco, facer un curto resumen dos acontecementos antergos a él ca súa época, pra podermos decatarnos dos factores que, d-un ou d-outro xeito, poideron incidir sobre a época mesma e sobre do persoeiro cuio relembrar nos xungue hoxe eiquí, porque moitas veces unha figura esgarada, un feito histórico, un acontecemento importante, responden a factores que veñen de muy lonxe e son algo así como resonancias de muy antigas causas. Por elo, eu quixen facer unha lixeira incursión pol-os sucesos antergos a Pardo de Cela i-os seus tempos co gallo de extraer d-eles algunhas consecuencias que poidan sernos útiles pra entender mellor ó mariscal, os seus feitos i-ós acontecementos que rodearon o seu vivir i-a súa morte, acaecida o 17 do nadal do ano 1483, en Mondoñedo.

Botemos, pois, unha ollada o panorama histórico de Galicia, unha ollada superficial, sin afundirnos moito nas consideracións dos feitos pra non desvirtuar o motivo central d-esta lembranza que hoxe facemos a un dos galegos máis ilustres de tod-os tempos, que deixou tan fondo sulco no vivir nacional galego.

Na vida dos povos hai sempre un fondo de misterio que non se pode desentrañar de todo que, por muito que se rabuñe n-él, sempre quedará un algo de segredo sin develar. O povo galego non se furtou a esa lei fadal e, como todos os outros povos, tópanse tamén no caso de non saber a ciencia certa cal foi o seu orixen primixénio, de donde xurdiu a súa primeira raíz racial.

Pol-o que sabemos, chegamos a conclusión de que, racialmente, somos de orixen celta, e temos eso como unha verdade. A terra ten incontables millóns de anos i-a intelixencia humana, a presunción i-a dedución non poden ir muy lonxe, e como non é posíbel supoñer que Galicia estivo sin ser habitada denantes

de que os celtas se aposentasen n-ela, dedúcese que algunhas xentes vivían no noso país, pro, non sabemos cales e tomamos un fite como punto de partida, o que nos semella estar pr-óximamente á realidade: ese fite é o celta. Damos, pois, por sentado o noso orixen celta.

Sentada a premisa do noso orixen celta, quedamos en que ese e o noso basamento racial e temos a esa raza como raíz da nosa nacionalidade, comenzando coa ela os primeiros capítulos da nosa historia.

O noso héroi, ben podemos decilo xa que, aínda tendo seus defectos como señor feudal, como representante d-unha época na que non se podía ser máis que dúas cousas: ou amo ou servo, demostra saber cal era a súa obriga n-aqueles intres en que se xogaba o destino de Galicia, a súa independencia, a súa liberdade, o seu porvir.

Todos os homes n-un momento dado, teñen unha intuición reveladora do porvir e, seguramente, Pardo de Cela a tivo tamén decatándose de que o posíbel triunfo dos reises católicos (e con eles o da Igresia, coa que Pardo de Cela estaba en loita) non había de traer pra Galicia máis que miseria, sometemento e perda da liberdade, tal como logo se viu.

Pardo de Cela loitaba contra a Igresia feudal e voraz i-a Igresia, representada pol-o Arzobispo de Compostela e pol-os bispos de Mondoñedo, Tuy, Lugo i-outros máis, tiñase, posto do bando dos reises católicos; quere decir, contra Galicia, contra as liberdades do povo galego, contra-ós seus dereitos.

Queixas

A vida que leva o probe é como a vida do grilo: pol o día muita fame, pol-a noite muito frío.

Quedache de vir as nove viñechas as nove e media, ti non sabes que é pecado enganar a unha morena.

Separaino, separaino o viño tinto do branco, a mín xa me separaron de quen eu quería tanto.

Mormurazón

Meu coletíño de tela hoxe por gala saíu, a xentiña fala, fala ia miña balsa o sentiu.

Teño unha silva na porta que me pica que me prende; teño unha mala veciña que por diñeiro me vende.

Chamácheme moreniña, blanquiña vaite lavar; dices que non teño amoros inda ehos podo emprestar.

Morte

Eu ben vín estar o moucho enriba de un cacho de uvas; vaite de ahí morte negra desamparo das viudas.

A subir o alepreste cheguei o medio e eafín, o alepreste é a morte i-eu para morrer nacíu.

Perdida a loita pol-a Beltraneja i-os seus partidarios, todos os nobres galegos se foron sometendo ó persoeiro dos reises católicos, Fernando de Acuña, excento Pardo de Cela, quen tiña ergueito bandeira e loitaba sin descanso contra-ó poder alleo que xa se tiña adonado do resto de Galicia. Cercado na súa fortaleza da Frouseira defendíase bravamente e daba que facer ás tropas dos reises Católicos, sin que éstas visen posibilidade de vencelo.

No ano 1480 unha caricatura de cortes xuntada en Santiago, condenan a Pardo de Cela a confiscación dos seus bés i-a "muerte en garrote" en nomean a un mercenario francés, capitán Lois de Mudarra, pra prender ó mariscal, cousa que o tal mercenario-somentes puido conseguir ó cabo de cuase tres anos, gracias á traición de unhos malnacidos, non sin que, denantes, o Mudarra tivera de las derrotas y tivese que refacer as suas hostes.

O Castelo de Pardo de Cela, foi tomado, non pol-as armas de Castela senón pol-o soborno i-a traición i-ó día 7 de nadal de 1483 foi preso o mariscal e levado a Mondoñedo, donde dez días despois (o 17 de nadal de 1483 d-infausta memoria) foi asesinado xunto co seu fillo, mozo de 22 anos, que según o historiador Alvarez Villamil, "no había hecho mal a nadie ni cometido más falta que obedecer a su padre, y se resignó a la muerte con el valor y la conformidad de un mártir".

E aínda a Igresia, como sarcasmo, enterrou a Pardo de Cela na catedral de Mondoñedo pra sustraer os seus restos a veneración i-ó homenaxe do povo galego que, dende entón, lle rende cada vez máis afervorado relembrar. A fortaleza da Frouseira, santuario da rebeldía galega, altar no que a imaxen da patria viviu alumada pol-a chama da liberdade, do honor e do sentimento patrio, foi derrubada. Dende entón Galicia foi escravizada i-as nosas liberdades foron desconocidas pol-o imperalismo castelán.

Mais o sentimento do povo galego, o seu anseio de liberación a súa ansia d-un vivir ceibe non morren nunca e día ten que chegar axiña en que en Galicia volte a brilar o sol da liberdade i-a independencia política, pra que o noso povo poida vivir con dinidade a súa vida ceibe.

Menten os que dín que o Mariscal loitaba por intereses alleos a Galicia; poida ser que, en parte, o fixese por intereses propios frente a Igresia que lle disputaba un dereito que ela non tiña, mais, noutro senso, a loita de Pardo de Cela tiña un ben acusado selo político en canto á nación galega. Como dí Vicetto o mariscal tiña razóns fundamentais pra poder decir: "¡GALICIA SE BASTA Y SOBRA PARA SI!" en cuais verbas se pode supoñer sintetizado o seu sentimento patrio, o seu desexo de que a terra que lle dera vida non fose escravizada nin sometida ó poder alleo, ó poder que, por donde queira que se achase, era (e sigue sendo) un poder extranxeiro.

E se o Mariscal Pardo de Cela

non houbese tido outros méritos, outras virtudes, abondaría o feito de ser, como foi, nemigo da Igresia e nemigo da realza extranxeira, nemigo, como diría Curros, dos "lobos da terra e dos lobos do ceio", nemigo das dúas pragas que dende entón teñen a Galicia escravizada no espírito e na carne. Pardo de Cela foi o home que, erguendo a bandeira da liberdade galega como un lábaro sacrosanto, deu un eixemplo varil ás xeneracións posteriores e foi o símbolo no que se inspiraron despois todos os galegos que souperon de iniquidades e patrióticas rebeldías, e o símbolo no que nos inspiramos os galegos de hoxe e será sempre o símbolo inmorredouro no que se inspirarán as xeneracións do mañán hastra que Galicia conquerra a prentitude dos seus dereitos e faga realidade o ideal pol-o que ven loitando dende-as primeiras edades e mais, dende que o Mariscal foi asesinado en Mondoñedo tal día como hoxe.

¡Loubauza á memoria de Pardo de Cela! ¡Loubauza eterna e condenación pr-á seus verdugos, que foron os verdugos das liberdades de Galicia!

¡Irmáns que me escoitades! Inspirados no luminoso eixemplo que nos legou o Mariscal, no que nos deran despois os hérois de Carral, os de Guillarei, os de Sobredo é derradeiramente, Bóveda, Casal, Quintanilla, Suárez Picallo e tantos centos de mártires sacrificados pol-a besta feixista, fagamos a solene promesa de seguir o viciro que aqueles nos sinalaron, de xunguirmos todos en apertado mollo, como bós fillos de Galicia, pra defendela, pra axudarlle a conquistar todas as liberdades e dereitos que lle corresponden, pra surcalas ás outuras da groria que merece e ten dereito a desfrutar, no simbiosis dos povos ibéricos e no conxunto dos povos do mundo.

Todos xuntos, como un solo home, en apertado mollo, xunguidos no ideal de patria e redención ó redor dos que sepan amar a Galicia, honoral-a i-engrandecela, ó redor d-esa nosa gran figura consular, dese noso grande guieiro que é Castela, d-ese home que polariza hoxe na súa persoa o canto ten Galicia, canto temos os galegos de nobre e de bón nas nosas aspiracións, nos nosos sentimentos e nas nosas ansias. Porque Castela, nestes intres, tamén é o símbolo do presente e do mañán promisor, e porque, estando á súa veira, estamos preto do corazón de Galicia.

Es os irmáns da patria, lonxana e benquerida, fagamoslles chegar un mensaxe de agarimo, de fe i-esperanza; un mensaxe d-amor no que vaia a eles a seguridade da nosa axuda, da nosa solidariedade, do noso patriotismo, pra darlles anovadas forzas e pra que sepan que, lonxe da patria, os nosos corazóns están con ela e cos bós fillos que loitan pol-a súa redención.

¡Irmáns galegos! Neste 17 de nadal fagamos a promesa de loitar pol-a patria hastra vel-a redimida. A Galicia emigrada ten de estar decote cos pensamentos postos na terra mátria e no seu rexurdimento.

¡Irmáns da patria! A Galicia emigrada está coa patria e con vosco! ¡Adiante! ¡A nosa terra é nosa!

O Feixismo en Galiza

Relato dun Fuxitivo

Como xa parecen esquecidas as tantas atrocidades e infamias que cometeron os feixistas na nosa patria e fálase inercos dunha unión cos que as cometeron ou, polo menos, as consentiron, e bó que refresquemos a memoria, e recordemos algo do tanto que se fixo e que non ten perdón de ningunha cras.

O relato que publicamos apareceu na revista "Nova Galiza" do 8 de Xaneiro de 1938.

Ao sobrevir o levante militar, vivía eu coa miña xente — muller e varios fillos, todos pequenos — nunha cidade de Castela, e era dono d'unha pequena industria. Militaba no Partido de Esquerda Republicana dende a súa fundación. Aos poucos días da militarada escomecei a ser perseguido. Vendo que todos os amigos e correligionarios eran detidos e asesiñados, tomei a inorma de faguer noite fora da casa. Varias veces foron en procura miña e non me toparon. A derradeira, unha persoa ben ao tanto do que sucedía cada noite e do perigo que eu corría, veu cedo a me avisar e díxome que os enemigos tiñan decote vixiada a casa e que estaban ao acezo para me botar man cando me visen vir, e dar-me morte. Eu tiña que dar creto ao que me dicía aquel amigo, non somente por fe na súa palabra e nos seus informes, senon porque ben vía eu mesmo a sorte que corrían os homes de esquerda e a xeneira con que fun mirado dende o primeiro intre. Así foi que decidín fuxir, xa tan preto do perigo que non tiven tan siquera tempo de despedir dos fillos e da muller. (Quince meses estiveron sen saberen de min). Vindo ao caso: Aquele mesma mañán, sen ir pola casa, como digo, e sen tan siquera dar conta do meu acordo á persoa que se curou de min avisándome, e a quen lle debo a vida, conseguín un taxi, e nel fixen un viaxe arreo de seiscientos kilómetros, até chegar ao Ferrol. Outro camiño d'evasión non vía d'aquela que tornar a Galiza. Pero, aínda alí, xa non me topeba como na miña terra. E moi duro estar como desterrado no propio país.

Estudei o xeito de mellor sortear o receio d'aquela xente que alí manda e asoballa, e funo conseguindo de forma maravillosa, cada día nun povo distinto, non sendo en algunha cidade e en vilas importantes, nas que demorei deica oito días. N'alguers pasaba por viaxante, n'outros sitios por un fabricante catalán sorprendido en viaxe polos acontecementos e, en todas partes, por un admirador sen tacha do "glorioso movemento". Así chaman aqueles asesiños á súa traición. O movemento era o

meu. Andiven preto d'un ano d'unha banda para outra, aínda que fose con moi pouca gloria e tendo que calar diante de mil falcatruadas. Percorrín as catro provincias galegas e tomei boa nota do que alí pasa.

Máis de sesenta e cinco mil cidadáns galegos foron asesiñados impuñemente. Boa parte de esa cifra arrepiante, pero certa, era de escolantes e médicos. Nesto demostran aqueles brutos a súa rabia contra o que pensa un pouco pola súa conta ou ten algún saber. A cultura ofendellos, sobre todo se non-a poden levar eles pola corda, como si fose unha vaca. En canto a cultura se lles sube aos homes verdadeiramente á cabeza ou lles quenta o sangue faguéndolos persoas, deseguida o feixista ponse furioso. Non queren homes, e, menos, homes cultos, porque diante d'eles non poden ter autoridade. A autoridade feixista quer ser como esa dos carreiros mal fados que disfrutan mallando ás bestas. Aínda que os seus letrados — uns poucos servys con anteollos que venderon as letras — falan da cultura e din que a defenden, o que fan é esterminala, a grande e a pequena, a dos que teñen por oficio de rumbo servila, e a máis homilde, pero respetable, dos nosos traballadores. Non fan falla moitas luces para se decatar das súas mentiras e feitos indinos. Eu non son dos máis leídos, pero abonda ter ollos e senso ordinario.

En vilas e cidades como Redondela, Tuy, Cangas de Morrazo, Pontevedra, Vigo, A Cañiza, Lalín e outras da mesma provincia, o exterminio de médicos e mestres, polo solo feito de seren liberales, pódese dicir que foi total. Eu topábame en Vigo cando fusilaron ao doctor Arbores, a Waldo Xil, aos irmáns Bilbatúa, un d'eles deputado do Parlamento hespañol, a Seoane, tamén deputado, a Botana — un dos homes máis queridos en Vigo —, Martínez Garrido e outras persoas de mérito. O día que asesiñaron ao xoven Fraiz, fillo do mestre do mesmo apelido, apareceron máis de cen cadáveres espallados en distintos lugares do término de Vigo, vintetrés d'eles ferroviarios.

Topándome outro día do mes de outubro do 1936 en Marín, puiden tamén presenciar unha recolleita de cadáveres que encheron dous camiños, todos eles da citada vila. A execución fora espantosa. Nenos de catorce anos foron os verdugos. Quizais querían adestrarlos no crime, darlles a primeira lección práctica de feixismo. E pouco afeitos ao manexo das armas, o suplijo dos mártires foi cousa que sobrepu-

xa as fantasías infernaes. Un falanxista que paraba no mesmo hotel que eu comentaba o feito e dicía que "indo moi acertados os mandos en acordar a morte d'aquela xente, non-o estiveran ao escoller o procedemento, xa que os rapaces que realizaron as execucións case que non rexían co fuxil, e houbo vítima que recibiu máis de vinte disparos para poder morrer". Naquela desventurada vila de Marín pasan de douscentos os asesiñados, e así en todas partes.

Na provincia de Ourense tamén foi brutal a represión. Testigo constante dos crimes é a xente de Rivadavia. Os familiares dos desaparecidos de cada noite xa sabían aonde habían d'ir a buscalos, pois n'esa provincia usábase o procedemento de amarralos e guindalos ao río Miño, cuíais augas ao se fusionaren en Rivadavia coa corrente d'outro río, fan un remuíño que lanza os cadáveres fora. Cincuenta, e máis aínda, cada día, no transcorrer de varios meses, foron recolleitos e douselles sepultura no Camposanto d'aquela vila.

Como eixemplo de perversidade hei de lembrar que en Rivadavia había un falanxista chamado "O Abisinio", que tiña matado máis de mil roxos, como chaman alí aos homes de esquerda. Ese criminal disfrutaba da estima da xente de dereitas, unha estima que non ten nome. Era o ídolo das beatas, dos parvos, dos ricos e dos cregos.

Os frades de Rivadavia exercían a censura en correos, e os cregos das aldeas adicábanse á piedosa obra de baixar ás vilas a delatar aos que non tiñan o neno baustimado ou estaban casados polo civil. Os nomes de esas persoas eran tomados en conta polos directivos de Falanxe e, xa se sabía, aquela mesma noite eran asesiñados. Cregos que fan á relixión esa cras de servizos non é raro que estén a punto de poñer no altar a imaxe fachendosa e sinistra do "Abisinio".

Na provincia de Lugo foi onde menos violencia tivo a represión e, noustante, non baixan de oito mil as persoas sacrificadas.

A Coruña — cidade e provincia —, da frío pensar o que está sufrindo. Durante os días que demorei no Ferrol podo dicir, sen temor a engano, que o promedio de asesiñados non era alí menor de dous-centos por día. Houbo data, como aquela en que xuzgaron ao deputado Rutilanchas, en que os consellos de guerra dictaron máis de cen penas de morte, e hai que contar que somente unha pequena parte dos asesiñados áranos por sentença oficialmente declarada.

Hai que engadir despois á fame, a probeza que cunde ate ser unha ameaza para a xente que tiña un bó pasar; o pesadelo constante das delacións e das venganzas, todo un cadro de baixeza encaramada que fai maior, coa afrenta, o sufrimento.

Por fin, puiden embarcar para América. E poucas veces — nungunha, non sendo n'estes tempos — puido un galego emigrar con tanta ledicia. Pero a ledicia non durou. Tivo a súa hora no primeiro intre de liberdade. Des-

Estampa da Coruña baixo o terror feixista

Están diante de nós dous "evadidos" da Coruña. Queremos ler na súa face ou ver a través d'ela cómo é Galiza baixo a espantabel opresión feixista, e só conseguimos descubrir un sexto erepuscular, indeciso, no que se funden a tristura das lembranzas coa sorpresa e ledicia de estar en salvo, como si fosen naufragos, recolleitos por un gran navío n'unha illa salvaxe. Estaban tan afeitos a ollaren a tiranía i a descubrir por todas partes na nosa terra, a súa impronta sanguiñenta e zarda, que no primeiro intre non saben qué contar. O recordo é un: Galiza atropellada, ferida na súa carne e na súa dignidade, mergullada no fondo d'un oustinado pesadelo... O fondo do cadro é tan sinistro e ensarillase n'el tantos episodios — ¡todolos días, a todas as horas!... — que na memoria do que ven d'alá todo se xunta, como milleiros de saíalos n'un clamor, ou como mil silenzos n'un silencio único... Pero as nosas preguntas van traguendo feitos a xerfa da atención.

— Non poña os nosos nomes — di un... Quedan alí parentes...

— ¡Ou que os poña! di outro, no pulo de responder do seu testimoño co seu nome...

— Perdede coído — decimos nos. Non daremos aos feixistas ese gusto. (Rien os dous). ¡Cómo conseguístedes fuxir d'alá?

— Como outros moitos... Cada día e máis difícil. Vixian moito as motoras...

(Aquí fan o relato da súa evasión, unha pequena novela d'aventuras que pasa ao noso arquivo... Algún día quizais xurdirá unha intrincada novelística co tema dos evadidos galegos — e o tema trágico de tantos que ficaram para sempre nos lindeiros da liberdade...).

Da nosa conversa con estes dous rapaces quedannos entre as mans unhas notas rápidamente recolleitas, que agora, sen ouvir a voz d'elles, parécennos máis fúnebres...

— Sí, o xeneral Caridad Pita era un home valente, un home honrado. O xeneral de división Salcedo, días antes do levante militar, déralle orden de visitar día e noite os cuarteles da Coruña. Un día — o da sublevación — Caridad Pita chegou ao cuartel d'Atocha as once da mañán. Ao entrar no cuarto de bandeiras, o coronel do Reximento, Martín Alonso, asegundado por varios oficiais, envitouno a sublevarse. Negouse en redondo e pechárono n'un calabozo co seu axudante — comandante Goizueta —. Alí tívono dez días. Despois levárono ao castelo de San Felipe, no Ferrol. Veu o consello de guerra. Con Caridad Pita comparecían tamén como procesados o xeneral Salcedo i o coronel d'artillería Torrado. De nada valeu o empeño que puxo o instrutor da causa — ex-xeneral Feixóo — para evitar a inxustiza... Os dous xenerais — Salcedo e Caridad Pita — foron condenados a morte. O coronel a quince anos de presidio. Amigos e parentes andiveron a ir e vir — Salamanca, Burgos, Sevilla... a pedir o indulto. O xeneral auditor de Burgos chegou a se expresar así, para aforrarles aquel traballo: "Caridad Pita é inocente... En boa lei non se lle podo culpar de nada. Pero hai que fusilalo por motivos de "alta política". E o nove de novembro foi fusilado nos fosos do Castelo. Toda a Coruña conmoveuse con esta morte...

O caso de Rutilanchas... Douscentos feixistas andaban, dende o primeiro intre, en procura do deputado

póis foi pouco a pouco vencida pola lembranza dos que quedan alí, polo furor de tanto aldraxe contra a vida e a honra da nosa terra.

socialista Rutilanchas. Non daban co seu refuxio. Ao fin viñeron a saber que estivera agachado na casa d'unha pescadora do Muro. Detivérona. Golpearon deica deica sen sentido. Catro ou cinco veces máis, n'outros tantos días repetiron o suplijo. A muller resistía. Ao fin, entolecida coa door, dou indizos — o que sabía — que permitiron aos feixistas, a través d'unha cadea de vinte detencións (persoas acusadas de protexer a Rutilanchas), dar co paradeiro d'este. Topárono unha noite n'unha casa do barrio da Ponte do Pasaxe. A culatazos e a patadas levárono os civís ao Cuartel d'Atocha. Dezesete homes e tres mulleres, acusados d'habelo aco-beixado, entraron tamén nos calabozos.

O consello de guerra... ¡Acúsase a Rutilanchas de ter botado un discurso "laico" no Congreso! Deféndese él — non quixera nomear defensor — e defende tamén aos outros encartados. O seu informe, cálido, baril, cheo de enerxía e de mesura, clarísimo de razóns, deixaba pequenos, podres, aos verdugos... Todo o convencimento e toda a simpatía dos que aínda son capaces d'estimar a un home estaban da súa parte... Ao remate daquela rafaga de verdades, rachou a toga e os seus vestidos interiores e descubren o peito, a espalda, os brazos... O público rompeu n'un berro súpito d'horror. O que vía non era corpo de home, era unha pura chaga, unha codia de sangue e de feridas. "¡Matarédesme, pero saberei o mundo inteiro como torturades, como queimades as carnes aos que cen nas vosas mans! ¡Todo o meu desprezo para vos, asesiños, vergonza d'un país civilizado!"

Non-o deixaron rematar. Guardias e falanxistas, como cans da rabia, botáronse enriba d'el e arrastrárono fora do salón, mentras outros espaxaban a xente a sablazos... O mesmo día firmáronse as vinte sentenzas de morte contra os encartados no "proceso Rutilanchas".

¡Asesiñados así? Moitísimos. Non daríamos rematado. A don Xosé Miñones, deputado d'Unión Republicana, abondoulle socorrer c'uns anacos de pan a uns correligionarios — que andaban a fuxir dos falanxistas e levaban dous días sen comer — para "merecer" a morte. Unha patrulla sorprendeu n'ese acto. Procesárono. Oito días despois era fusilado no Campo da Punta. Non morreu da descarga do piquete. Déronlle tres tiros de gracia e aínda tivo folgos para erguerse do chan, manando sangue, e chamalos, n'un berro derradeiro, polo seu nome... ¡Asesiños!

O que se conta de Villaverde (o "leader" sindicalista) é ben certo. Ao detelo ofrecéronlle a dirección dos grupos de Falanxe. (Querían mercalle a popularidade...) A resposta de Villaverde foi cuspirles e rechazalos con verbas indignadísimas... A culatazos e a puntapés destrózanos no patio da cadea.

Todolos días, a todas as horas, teñen ocasión de cometer un crime... E van alí once meses...

Na rua de Panadeiras (na Coruña) había unha taberna. O dono foi detido e condenado a morte por non querer descubrir o paradeiro de dous fillos seus. Enteráronse os fillos de que fan fusilar ao pai e presentáronse... Non lles valeu o xesto. Fusilárono ao pai e aos fillos, e aínda enriba a outra filla, belida rapaza de vintecin anos que foi protestar d'aquela inominia.

(Os dous rapaces que temos diante non dan cabo... Por unhas cousas lembran outras... e agora xurden nomes e nomes. cada nome unha vítima d'un crime. Engaden: "Nin siquera se pode socorrer aos horfos e as viudas d'esas vítimas. Dar unha codia de pan é, moitas veces, xogar a vida").

Francisco Blanco

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

Av. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

DO LIBRO "SEMPRE EN GALIZA"

Refugamos, en principio, calquera sistema violento de goberno, e xa se vé que por fidelidade á democracia estamos hoxe desbaraxustados de Hespaña; pero non temos saudades d-unha República que, a barullo, regalaba liberdades aos homes intolerantes e fronte aos povos mantíñase usurpadora e absorbente; e de- cir, unitaria e centralista. Non abunda que a dictadura nos se- parase de Hespaña para que cho- remos pola cidadanía perdida, pois a restauración das liberda- des cidadáns, asentadas no ré- xime unitario e centralista, de- volveríannos ao perigo de novos desbaraxustos seguidos de dicta- dura e, polo tanto, de novos des- terros. Diremos lealmente que a nosa condición de "separados" está próxima a trocarse en ener- xía "separatista", porque nin os demócratas hespañes queren comprendernos.

Todos asistimos ao rexurdi- mento de moitas nacionalidades europeas, aguiloadas por novas doutrinas políticas, e semellante feito non foi desprezado polos demócratas de ningún país mul- tiforme. Somentes os hespañes e os franceses seguiron a teima uniformista do século XIX, apuntalando a finxida e aparente unidade nacional en que creían os seus abós. Polo que toca ao liberalismo hespañol diremos que soio estima as teorías que caen en desuso; así, aceptou o provin- cialismo nos tempos rexionalis- tas e o rexionalismo cando xur- deu unha nova concepción das nacionalidades. Calquera vivo afán descentralizador, é severa- mente condenado por "separatis- ta", pois n-este cariz da política somentes se aceptan os afáns que morren. Sirvanos como ex- emplo de retraso, á deriva, a Constitución autonomista do 31. Non hai dúbida de que nos imos achegando á forma máis avan- zada de secesión, por culpa dos demócratas e liberaes de Hespa- ña; pero eu dígolles que no fon- do das varias demandas que pre- sentamos latexou sempre un mesmo anxeio. Non é certo que o provincialismo fose menos eisi- xente que o rexionalismo, nin que éste sexa menos perigoso que o nacionalismo. Antolín Far- raldo —que era provincialista— propuso a independencia de Ga- liza na sonada asamblea liberal de Lugo, en 1843, atrevimento que non tivo ningún rexionalis- ta. Estamos indubidablemente na derradeira e insuperable fór- mula de concordia, e sería gran loucura que os republicáns non a estimasen, porque xa non-os que-

daría máis recurso que o da se- paración.

Recoñecemos a eistencia real de Hespaña (unha realidade que comprende a Portugal, porque abrangue a Península enteira) i entendemos que esta unidade de- be plasmarse politicamente en forma de Estado plurinacional, o máis forte posible, a fin de que logremos o asentamento per- manente e definitivo da paz e da convivencia. Queremos que Hes- paña sexa forte para crear un outo interés común, armonizan- do n-unha coordinación superior as varias nacionalidades que a compoñen e defendendo a sobe- ranía de cada unha delas; é de- cir, a integridade funcional dos órganos que lle han de dar vida. Comprenderedes que estamos fa- lando d-unha República federal, baseada no concepto novísimo das nacionalidades e á outra banda do federalismo americano que tan- to ademeriban os repúblicos do 73.

No derradeiro perigo de sece- sión que correu Norte-América, os sudistas decían que a Unión estaba integrada por Estados so- beráns e que, polo tanto, po- dían separarse cando quixeran, porque a Constitución non o im- pedía; en troques, os nordistas declaraban que a Unión era a nai dos Estados Unidos e "que todos xuntos formaban unha soia Nación". A banda do Nor- te estaba no certo, porque o pacto dos Estados fixérase para plasmar politicamente o que xa era unha realidade nacional ou estaba en vías de selo. Por eso Lincoln, ao posesionarse da Pre- sidencia en marzo do 1861, de- clarou que a Unión era indivisi- ble. En contraste coa República Norteamericán —federación na- cional de varios Estados libres— invocaremos a Unión de Repú- blicas Soviéticas —orgaizacón estatal de varias nacionalidades independentes— para ver cómo en ambas se consideraba intan- xible o "ser" nacional. N-efecto; a Constitución dos Sóviets di no seu artigo 17: "Cada República federada (alí as Repúblicas son as Nacións) conserva o dereito de separarse libremente da URSS". Pois ben; o que á Hes- paña lle falta en extensión terri- torial i en virxindade etnográfica, sóbralle en fondura hestó- rica, en variedade de sedimen- tos insobornables, en cristaliza- ción poliédrica do carácter; e, polo mesmo, non-os atopamos no caso das Américas. Se o ter- ritorio hispano estivese coberto por un soio povo non teríamos

por
Castelao

máis problema que o da unión dos dous Estados en que está di- vidido, e, n-este caso, serviríanos a concepción norteamericán; pero, aparte do problema uni- onista que se plantea de seu ao vermos dividida a Península, ei- siste o problema secesionista, planteado dentro do Estado hes- pañol pol-as nacionalidades aso- balladas. Este problema — de Nacións e non de Estados — ase- mellase ao da Rusia zarista i ei- saxe unha estrutura política ba- sada na libre federación das na- cionalidades. Claro está que non somos partidarios do divorcio, porque quixéramos que o amor fose inquebrantable en toda unión; pero consideramos nece- saria unha "lei de divorcio" pa- ra remediar, en parte, a posible desavenencia dos que se axun- tan e dispóis resulta que non se aman. Da mesma maneira nós non somos separatistas; pero, en principio, queremos que as nacións teñan dereito a separar- se do Estado a que pertencen, cando non sexan felices dentro d-él, pois endexamáis poden re- nunciar á súa soberanía. En re- sume: declarámonos partidarios de toda unión pactada, sempre que se garantice a soberanía das nacionalidades.

No caso de Hespaña non se trata de axuntar os anacos dunha nación rompida cando propugnamos por unha unión con Portugal, nin se trata de desmembrar a nación hespañola cando arelamos un réxime fede- ral, posto que tal nación non ei- siste. Do que se trata é de abo- lir os propósitos absorbentes de Castela e de declaralos fracasados, recoñecendo a eistencia de varias Hespañes e dándolles a oportunidade de que se axunten para compriren coa súa unión o destíño que á Península lle co- rresponde.

Tense dito moitas veces, sen escándalo, que todo bó hespañol é fatalmente rexionalista; pero a infusibilidade dos caracteres hespañes é absoluta en algun- has rexións e relativa en outras. Todo depende dos grados que te- ña o carácter diferencial, en re- lación con Castela. Se unha re- xión (nós decimos "rexión" co- mo derivado de "rexir") conser- vou, dispóis de catro séculos, os atributos do seu antigo carácter e todos eles, xuntos, compoñen unha categoría natural tan res- petable como a de Castela, entón é necesario que se cancele a vio- lencia asimilista, inútilmente exercida sobor d-esa rexión. Imos, pois, a discorrir como ga- legos e como hespañes; pero non como casteláns.

Galiza é unha auténtica nacio- nalidade. Tén un idioma propio, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués, cultivado li- terariamente cando a língoa de Castela andaba a gatas; tén un territorio delimitado natural- mente, de formas doces i entra- nas duras, que foi unha illa de pedra cando Hespaña xacía no fondo dos mares formativos; tén problemas peculiares, de tan ra- ra orixinalidade que sempre fi- caron ao marxe das leis liberaes de Hespaña e das arripantes preocupacións do mundo capita-

lista; tén unha cultura autócto- na, manifestada en arte e sabi- duría popular, tan insulares co- mo foi a nosa Terra nos tempos xeolóxicos; tén predisposicións psicolóxicas que nos fixeron in- asimilables á cultura e dereito de Castela, coma os bretóns na Franza e os escoceses na Ingla- terra; tén, se quixéramos —que non queremos—, características diferenciaes de raza, pois somos predominantemente celtas. Gali- za, pois, é unha nacionalidade hispana, tan respetable como Castela, e todol-os seus atributos son igualmente díños de res- peto.

Non sendo posible negar a per- duración dos atributos nacionaes de Galiza —xa ensaminados, un a un, no libro I— é doado esti- mar a súa soberanía natural, i esta xerarquía, anterior e supe- rior ás formas políticas, non po- de satisfacerse con atribucións precarias e restrinxidas, conce- didas por gracia do Estado uni- tario, é decir, pola ineistente Nacións hespañola, representada nas Cortes de Madrid; porque Castela, e as súas rexións saté- lites, son maoría no conxunto hespañol, e co seu peso mante- ñen o carácter subordinado dos demais "seres" nacionaes, pro- ducindo unha antinomia ante a democracia e o liberalismo (o problema das nacións é liberal). Non; a gracia do Estado soio en- che as necesidades d-unha sim- ple rexión, particularizada en al- gúns atributos da nacionalidade a que pertence. Así pois, o sis- tema de Estatutos autonómicos é inadecuado e até ofensivo para os cataláns, galegos e vascos. Ga- liza, como Cataluña i Euzcadi, é unha nación, e, por consiguiente, ten dereito a federarse con ou- tros povos igoaes a ela; e non recoñecerlle o dereito de autode- terminación —inclusive para vi- vir con absoluta independencia— será sempre un acto tiránico e antiliberal. Agora ben; nós que- remos ceder da nosa natural so- beranía todo canto cedan as de- mais nacionalidades hespañolas, a fin de constituirmos un Esta- do rexido pol-a máis pura de- mocracia (democracia fundada na liberdade), onde sexa impos- ible o privilexio e a servidume. Somos, pois, federalistas e are- lamos para Hespaña unha es- tructuración axeitada ás súas realidades sensibles e non a teo-

rías estériles e contraproducen- tes, importadas de países eisi- ticos.

Do mesmo modo que non ade- mitiríamos de grado a restaura- ción de institucións anacrónicas —poño por caso, a Inquisición— tampouco apreciaríamos a per- soalidade, simplemente hestóri- ca, d-algúns antigos reinos de Hespaña, aos efectos de pacta- ren connosco, porque non to- dol-os povos con propia hesto- ria alcanzan arestora a catego- ría de nacionalidades, e, pol-o tanto, eses povos non teñen de- reito a federárense. Non nega- mos a xúrdia persoalidade d-al- gúns antigos reinos, poñamos por caso Aragón; pero é que, por incorporárense ao pensamen- to unificador, deixáronse asimila- r por Castela e hoxe teñen me- nos atributos que Andalucía. Abondará con saber que en Hes- paña soio se falan catro idiomas, vehículos d-outras tantas cultu- ras, para que a Federación non escedese de catro membros: Cas- tela, Cataluña, Euzcadi e Galiza.

Eliminado, por escensivo, o cri- terio rexionalista dos vellos fe- deraes, esto non quer decir que nós deixáramos de defender a descentralización político-admi- nistrativa no grado e medida que as rexións necesitasen de li- bertade para rexiren a súa vida privada e solucionar os seus peculiares asuntos. E defende- ríamos o sistema autonomista, incluso a concesión de Estatutos, sen eixir das rexións ningún plebiscito, ningunha proba da súa vontade de ser, pois abonda que sexan diferentes para que se lle dea eistencia legal. Pero, eso sí, a ningunha simple rexión lle concederíamos o dereito a exercer o poder do Estado d-un modo independente, pois somen- tes a soberanía natural d-un po- vo ten dereito a esteriozarse en soberanía política. E velando pola integridade das nacionali- dades non se lle pode outorgar ás súas rexións tamaña xerar- quía.

Dispóis do devandito soio nos resta engadir que si os demó- cratas hespañes nos considera- sen separatistas non teríamos máis remedio que selo realmen- te; pero no entanto debemos de- fender a lexitimidade das nosas ideas, amostrándolle aos ga- legos apoucados a estrela das no- sas espranzas.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

CASA DURAN

• SOMBREIROS

• CAMISAS

• BONETERIA

• PANTALOS

30 - Gral. Bosch - 30 U. T. 22-4405

AVELLANEDA (PIÑEYRO)

Depotas insensatas,
Pecis, fozadas grillos;
Pode opatir o ferro,
Un corpo enhaquechido;
Mide as nobres idas,
E gloriosos instintos...
Eas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguívese!
Eduardo XONDAE

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO
Central B
FRANQUEO PAGADO
Concesión No. 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión No. 2727

Ano XXX



BÓS AIRES, DECEMBRO 1946



Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186



Núm. 454

DO CANCIONEIRO DA NOSA LOITA

¡Probes Paxariños!

★
por
RAMON REY BALTAR
★

I

Na eira sentados
n'un toro de pino,
á veira d'un hórreo
valdeiro de millo,
calados e tristes,
están dous miniños.

Entrambos non xuntan
dez anos, de fixo.
Ela, a máis pequena,
buscando agarimo,
arrímas'ao peito
do seu irmanciño.

El pousa a cabeza
na d'ela, dorido,
e a man pol-o lombo
pásalle con mimo.

¡Da lástema velos
tan pequerrechiños!
De veras parecen
dous polos de xilgato,
que estando coa tiña,
caeron do niño.
¡Da pena miralos!
¡Probes pazariños!

II

Silencio de morte,
de lugar maldito,
envólveos o mesmo
que sudario frío.

Nada vese en torno
dos dous anxeliños.
N'un vasto deserto
semellan perdidos.

Tan soio un machado,
cravado de fío
n'un pau que pra leña
estaban partindo,
quizáis olvidado,
quedou com'un símbolo.

¡Poida ser qu'un día
érgase en castigo,
tallando sin dolo
gorxas d'asesiños!

¡Qué traxedia fonda
os seus ollos viron
pra que d'ese modo
estén abatidos?
¡Da medo pensalo!
¡Probes pazariños!



SUPERVIVENTES — Estampa de Castelao

III

Cheo d'escapularios
e de crucifixos,
unha madrugada
chegou o feirismo.

Ao fronte ía un creg,
que, en nome de Cristo,
botaba responsos
coa pistola ao cinto.

Non quedou n'aldea
nin un home vivo.
Rapazas e vellas
escarños sufriron.
Fogares enteiros
foron destruídos.
Nunca houbo no mundo
tanto salvaxismo.

¿Cómo se salvaron
os dous rapaciños?
¡Profundo misterio
do cego destino!

¿Qué farán agora
sin pais nin abrigo?
¿Qué vai a ser d'eles?
¡Probes pazariños!

IV

Írán pol-as portas
pechadas dos ricos,
pidindo limosna,
coma dous santiños.

Dormirán nos montes,
dos homes fuxindo,
e acaso antr'os lobos
atopen asilo.

Pasarán os anos,
andarán camiños,
faceránse mozos,
mais no seu espírito
non habrá nunca
perdón nin olvido.

Ha de ser pra eles
a vida un martirio.
A sanguenta imaxen
dos seus pais queridos
na mente grabada
terán de coñío.

¡Mala foi a fada
que lles dou cobizo!
¡Malpocados orfos!
¡Probes pazariños!

Unha Visita ao Fogar Galego Para Ancianos Festa de Navidade

O domingo 22 realizouse unha simpática i emotiva festa en Domselaar, na quinta do Fogar Galego para Ancianos. As sociedades de Moraña, Campo Lameiro, Portas e Pol orgaizaron unha excursión para levar aos vellos albergados na dita entidade unha lembranza do día que simboliza o amor humano, xunto co recordo da nosa terra.

Homes e mulleres, con empañadas, roscas, pan dulce e sidra, chegaron ao Fogar, pol-a mañá como en alegre romería, ao compás de tambor e gaita, enchendo de ledicia aos velliños que miraban con ollos turbados pol-as bágoas aquilo que lles parecía un conto dos que contaba a aboa na lareira.

A visión de Galiza, no meio do campo, antre eucaliptus e piños, soando os doces aires da gaita e os alalás que removían o máis fondo das entranas, era dunha realidade impresionante. Todo o mundo estaba emocionado e contento de presenciar un aito de tanta beleza e de tantas lembranzas que despertaba.

Despóis de recorrer as instalacións do Fogar e, con verdadeiro asomo, contemplar o eistenso campo que o rodeia, con centearios albres que lle dan frescura e adorno, os visitantes escomenzaron a desempaquetar os ben provistos canastos, e pronto todas aquelas larpeiradas foron pasando ás andorgas insaciabeis, sen remilgos nen ceremoñas.

Os vellos eran servidos por todos a porfía. Eran os verdadeiros reis da festa. Pasmados polo inesperado xantar, atopábanse como nun mundo de ensaño e quizáis para algúns deles a escea fora máis ilusoria que real.

Cando chegou a hora trascendente, a hora do pan dulce e da sidra, a hora que simboliza a comunión do día meirande da humanidade cristián, que lembra a comunión celebrada pol-os doce apóstolos, presididos polo que se ía a sacrificar por todos nós, ne se intre, na ialma de todolos presentes brotaba algo que se traducía por unha íntima e inmensa satisfacción, que asomaba aos ollos en forma de rocío de bágoas. O momento aquel tivo unha solemnidade que non se atopa en ningún tempo.

me anda amocando con peticións de diñeiro yeu xa estou farto de lle mandar poñalleme esta cartiña:

Querida muller, como iba escribindo, estou farto de tí, m... m... diña, m... m... diña, m...". Agora, coma, Señor, Coma...

Recollidos en Valdeorras, por M. Folla).

(1) Variante que temos ouvido hai tempo:

—Bó, tan bó e un como o outro!

E a todo esto, como cousa da maxia, xurdeu a gaita meiga, repinicando no ar as suas notas ledas, que parecían traer os aromas e os cantos da nosa terra. Parexas de bailaríns seguían o compás de muiñeiras e riveirinas, namentras os vellos asilados choraban e rían de contento, agradecendo aquelas doces lembranzas que lles viñan de tan lonxe.

O ex segredario da Federación de Sociedades Galegas, señor Xerardo Díaz, con emoción i elocuencia ofreceu aquel agarallo, que era limpo como unha mañán de primavera, desexando que no espírito dos vellos perdurara unha lembranza de amor e felicitando aos membros do Fogar Galego pol-a admirabel obra que estaban facendo en prol dos nosos desvalidos. Para terminiar, lanzou a ideia, que asegurou se levaría a cabo, de celebrar un día determinado de cada ano unha colecta antre todas as sociedades galegas e a coleditidade galega en xeral, cuio produto se destinará íntegro para axudar a esta grande obra, que será unha das máis nobres da nosa entusiasta coleditidade. O señor Díaz foi mui apraudido e felicitado.

No nome dos vellos asilados e da Comisión do Fogar, agradeceu o vicepresidente, Dr. Rey Baltar. Este entusiasta loitador galeguista, con verbas cheas de unción, fixo resaltar o aito que se celebraba, alabando ás sociedades orgaizadoras — Moraña, Campo Lameiro, Portas e Pol — polo seu patriotismo e o seu amor á humanidade, que con tanto acerto habian demostrado ao reaizar unha festa tan grada. Recordou esceas e paisaxes da nosa terra, que emocionaron aos velliños, que con ollos humedecidos escoitaban ao Dr. Rey Baltar. Pideu axuda a todolos galegos para que a obra que tan desinteresadamente se comenzo chegue a alcanzar o seu máisimo punto. Hai que albergar a moitos dos nosos irmáns, que non tiveron a sorte de trunfar na vida, e para eso necesítase a colaboración da coleditidade enteira. E unha obra de centos de miles de pesos, pero que, coste o que coste débese reaizar. Hai moitos galegos ricos e de corazón, i eles non escatimarán uns centavos para que unha empresa tan humanitaria se quede na metade do camiño. Recolleu a ideia, que calificou de magnífica, do Sr. Xerardo Díaz, e pregoulle que puxera toda a sua ialma na reaización dela. Unha salva de aprausos premiou o sentido discurso do doutor Rey Baltar, e con elo douse por finalizada a festa que tantos recordos e tantas esperanzas despertou no ánimo dos asistentes.

Contos de Barrosos

Unha vez iba un barroso pasando por unha ponte que estaba caíndo, levaba medo, e dixo ao pasar:

—Dios é bon e o demo non é malo! Dios é bon e o demo non é malo!

Pra que Deus o protexese e o demo nono tentase. Pero así que terminou de pasalo, dixo:

—C... me nentrambos. (1).

Outra vez estaba outro barroso comendo unha cebola e unha codela de centeo e díxolle outro:

—Ei hom, como te coidas!

E contestoulle o da cebola:

—Eu coidar, coído, coído, pero os

cartos vanse que é un justo. Inda non fai sete días que cambiei un peso e agora xa teño soilo catro pesetas, dous en realiños e outros poucos cartos mais.

Outra vez eran cinco barrosos que iban xantar e querían gastar pouco, agás un que era mais espréndido, pero non prevaleceu a sua opinión e pidiron cuatro sardiñas pr'os cinco. Entón o espréndido, que era o mais listo, ao repartilas, dixo:

—Cinco barrosos, catro sardiñas, tocamos a duas, e eu vou co-as miñas.

E colleu as duas millores, deixándolle aos outros catro duas sementes.

Outro barroso quíxolle escribir a muller, e como non sabia, foise ond'o seu amo e ditoulle a carta, indicándolle cando iba poñer puntos e comas. O amo por rirse d'él, onde lle mandou poñer punto, coma, púxoos con todas as letras.

Contestáronlle da casa indicándolle que tivese coitado coa persoa que lle escribía as cartas, pois ríase d'él, e entón, él pra se vengar, volveu ond'o amo e díxolle:

—Señor amo, a miña muller sempre